

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 07.11.2019

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 18.06 h do 07.11.2019 e baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Panceiras, Juana Barro Couto, Juan José Franco Casal, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López, María del Mar Piñeiro Otero, Antón Lois Noceda Carballo, Marta Pereiro Calvo, Ana Basoa Rioboo e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do 16.10.2019

C.I.F.: P-1503600-G

Ao non haber ningunha obxección, queda aprobada a acta da sesión extraordinaria do 16.10.2019.

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 1027/2019 ao 1203/2019

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do informe de tesourería sobre as obrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 3º trimestre do 2019

Os concelleiros danse por informados.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, quen di que se intente corrixir e mellorar o pago a provedores como xa se solicitou en anteriores ocasións.

De seguido, fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que manifesta sobre os pagos que se están a facer e sobre a documentación facilitada, que se incrementan os días e polo tanto increméntanse o número de facturas que se están a demorar, co que se deberían buscar solucións para rebaixar o período de pago

De seguido, fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, que segundo o informe presentado, no segundo trimestre do ano 2019 o período medio de pago a provedores foi de 36,07 días e no terceiro trimestre o resultado e de 20,38 días, co que vemos que se mellorou ese dato de pago.

4. Dación de conta do informe de tesourería regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, polo que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais relativo ao 3º trimestre do 2019

Os concelleiros danse por informados.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, quen di que como recolle o informe aumentan as operacións fora do período legal no seu importe total, co que se pide maior control nas áreas de goberno para corrixir esta situación.

De seguido, fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, que afirma que se está a cumprir coa lei neste sentido e que é de ter en conta que este terceiro trimestre coincide co período estival e aínda así se mellorou o dato con respecto ao anterior trimestre.

5. Aprobación, se procede, do expediente de modificación de créditos núm. 24/2019, subexpediente 14/2019, proposta 2019/G006/000338

Consta no expediente a Proposta da alcaldía, que foi ditaminada desfavorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 28.10.2019 por 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 2 abstencións do grupo municipal Socialista e 4 votos en contra (3 do grupo municipal do BNG, e 1 voto do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDIA

2019/G006/000338

Proponse á Comisión de Facenda que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de modificación de créditos 24/2019, subexpediente 14/2019 de transferencia de créditos, e se propoña ao Concello Pleno a adopción de acordo.

Na providencia achegada no expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Considerando os informes e certificados que ao respecto emitiu a intervención municipal, e que constan no expediente, sométese a esta Comisión a seguinte PROPOSTA:

Primeiro. - Aprobar o expediente de modificación de créditos 24/2019, subexpediente 14/2019 de transferencia de créditos, por un importe total 251.108,21 euros sendo as aplicacións afectadas as seguintes:

Aplicacións orzamentarias minoradas

Aplicación	Importe
011/31000	6.606,00
011/91100	22.524,20
929/50000	75.000,00
920/83100	10.000,00
160/46200	3.170,70
320/12101	10.000,00
132/12101	20.000,00
1621/12101	5.000,00
171/13100	3.000,00
231/12001	5.000,00
231/12100	4.000,00
231/12101	1.000,00
231/21200	4.500,00
231/22002	9.000,00
231/22796	3.500,00

231/22700	500,00
231/22797	2.500,00
311/22111	3.000,00
311/27799	1.000,00
320/12100	5.000,00
453/12004	15.000,00
453/61901	15.000,00
920/12003	6.500,00
920/12004	7.000,00
920/12100	13.307,31

Aplicacións orzamentarias incrementadas

Aplicación	Importe
2019 132 22103	268,61
2019 1621 22103	1.515,30
2019 163 22103	1.229,79
2019 171 22103	194,80
2019 241 22103	882,46
2019 453 22103	1.517,54
2019 151 22798	8.186,73
2019 1531 21000	10.367,35
2019 1531 22700	24.064,48
2019 1532 21000	2.956,00
2019 1532 22700	7.199,50
2019 1621 22700	25.697,38
2019 171 22799	9.150,02
2019 241 21300	444,61
2019 241 21400	918,31
2019 241 22104	1.337,07
2019 241 22700	472,26
2019 333 63200	1.830,57
2019 334 21300	178,35
2019 334 22100	1.223,44
2019 334 22799	16.650,00
2019 341 22601	38,50
2019 341 22699	1.008,23
2019 341 22793	4.957,22
2019 341 22799	69.531,76
2019 342 21200	428,47
2019 342 21300	1.156,45
2019 342 22100	14.213,99
2019 342 22102	13.976,53
2019 342 22106	109,31
2019 342 22700	31,48
2019 342 22799	12.852,62
2019 432 22602	1.996,50
2019 432 22799	11.502,55
2019 132 22103	429,77
2019 135 22103	104,30
2019 1621 22103	1639,06
2019 171 22103	58,29
2019 241 22103	163,46
2019 453 22103	625,15
Total	251.108,21

Segundo. - De conformidade co establecido no artigo 179 do Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das Facendas Locales, en relación cos artigos 169, 170 e 171 do mesmo texto legal,

proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP.

Terceiro. - O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ao interesado dentro de dito prazo.

Asinado polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal, na data da marxe.”

Abre o debate a voceira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, para dicir que con esta modificación de crédito preténdese minorar unha serie de partidas que non se encontran comprometidas e que se aplicarán a outras partidas sen crédito para a súa execución. A maior parte das partidas que se minoran están referidas a persoal, xa que dende o ano 2016 e obrigatorio consignar os créditos para todas as prazas existentes aínda que non estean ocupadas. O importe desta modificación ascendería a 251.108,21.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, quen aclara que o seu grupo non participou na elaboración deste orzamento, polo que a concelleira que tanto presumiu da súa aprobación, atópase con situacións como que desde maio encontrase sen cartos para pagar a gasolina como exemplo.

Aclara tamén que o seu grupo xa informara de que votaría en contra das modificación de crédito se non estaban informadas e consensuadas. Moitas das facturas que se traen hoxe son recorrentes tódolos anos, co que xa o deberían ter previsto no orzamento. Dos 251.108,21 que nos presenta de modificación orzamentaria, vanse destinar 188.000 a pagar facturas. Na comisión previa a concelleira díxonos que mediante un informe se explicaría todo o que se trae a modificar; xa pasaron 10 días desde a comisión e o único que se nos aporta é este documento para intentar xustificar o pago das facturas.

Afirma tamén que a documentación que se lles aporta aínda xera mais dubidas, e que non deberían ter deixado caducar todas as bolsas de emprego deste concello e así non ter que contratar servizos externos e polo tanto aforrar moitos cartos. O concelleiro manifesta que namentres non se sente coa oposición a dar explicacións non van a votar a favor.

De seguido, fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que di que o seu grupo pediu que se lles aclarase algunhas desas facturas que viñan nos informes. O informe que no día de hoxe se nos entregou é pouco claro en relación co número de facturas que se levan a modificación de crédito. Esta entrega no día de hoxe deixa claro que o goberno non fixo os deberes e que ese listado de facturas non están xustificadas, co cal non se ve claro facer unha modificación de crédito de 250.000 euros.

Seguidamente toma a palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, quen se suma ao dito anteriormente polos voceiros e suxire ao goberno que se collan unha por unha as facturas e se sente coa oposición, manifestando a intención de votar en contra.

Prosegue a voceira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, quen resposta ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego que na súa intervención non lle votou nada en cara a oposición, aclarando que as modificacións de crédito están previstas legalmente e onde se ten que debater é no pleno, necesitado unha maioría.

En relación ao informe, o seu grupo quería aclaracións de facturas da área de servizos, cando o concelleiro da área de servizos non forma parte da comisión na que o solicitaban. Ao que eu me comprometín foi a falar cos concelleiros das tres áreas afectadas e solicitar os informes e dar as explicacións oportunas. En relación ás facturas da área de servizos, danse por correctas, se a persoa encargada e o concelleiro responsable consideran e fan constar que están debidamente xustificadas. En relación as facturas de promoción económica ás que se refire o grupo municipal Socialista, non existe ningún problema por parte do concelleiro responsable en explicarlle o que necesite.

En relación as bolsas de persoal, e respondendo ao concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, afirma que no 2015 e sendo membro do goberno, aprobáronse, e a día de hoxe a única bolsa que rematou e

C.I.
E.:
P-
150
360
0-G

a de conserxe, estando aínda en vigor a de auxiliares, administrativos, peóns, arquitectos técnicos e traballadores sociais.

En relación a bolsa de traballadores sociais, xa se fixeron dous nomeamentos desde que está este goberno. Da bolsa de arquitectos técnicos nunha ocasión; da bolsa de peóns durante o seu mandato so se fixo un chamamento de 13 que estaban na lista; da lista de chofer condutor no ano 2018 fíxose un chamamento e no ano 2019 ningún integrante da lista quixo aceptar o chamamento; en relación a bolsa de administrativos fixéronse tres nomeamentos; no caso da de auxiliares administrativos foron outros 3 chamamentos.

A concelleira afirma que o anterior goberno só fixo 3 nomeamentos das listas que se crearon cando estaban no goberno, e que non entende cal é o motivo de que non cubriran as prazas vacantes con máis nomeamentos.

A voceira do grupo do PP e o alcalde propoñen deixar o asunto sobre a mesa para mellor estudo.

Sometido o asunto a votación foi acordado deixalo sobre a mesa logo de obter 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 11 abstencións (6 do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

6. Aprobación, se procede, do expediente de modificación de créditos núm. 25/2019, subexpediente 15/2019, proposta 2019/G006/000340

Consta no expediente a Proposta da alcaldía, que foi ditaminada desfavorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 28.10.2019 por 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 2 abstencións do grupo municipal Socialista e 4 votos en contra (3 do grupo municipal do BNG, e 1 voto do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDIA

2019/G006/000340

Proponse á Comisión de Facenda que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de modificación de créditos 25/2019, subexpediente 15/2019 de transferencia de créditos, e se propoña ao Concello Pleno a adopción de acordo.

Na providencia achegada no expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Considerando os informes e certificados que ao respecto emitiu a intervención municipal, e que constan no expediente, sométese a esta Comisión a seguinte PROPOSTA:

Primeiro. - Aprobar o expediente de modificación de créditos 25/2019, subexpediente 15/2019 de transferencia de créditos, por un importe total 21.889,28 euros sendo as aplicacións afectadas as seguintes:

Aplicacións orzamentarias minoradas

Aplicación	Importe
453/12100	10.000,00
920/12101	11.889,28
Total	21.889,28

Aplicacións orzamentarias incrementadas

Área	Económico	Importe
135	22103	35,02
1621	22103	1.524,04
165	22100	3.273,02
171	22699	186,65
221	16008	2.856,00
241	22103	103,01
312	22102	1.269,23
341	22793	120,00
342	22102	1.388,33
453	20000	7.842,76
453	22103	157,65
933	22102	1.128,85
920	20200	2.004,72
Total		21.889,28

Segundo. - De conformidade co establecido no artigo 179 do Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das Facendas Locales, en relación cos artigos 169, 170 e 171 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP.

C.I.F.: P-1503600-G

Terceiro. - O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ao interesado dentro de dito prazo.

Asinado polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal, na data da marxe."

Abre o debate a voceira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que explica que con este expediente de modificación de crédito búscase facer fronte a unha serie de gastos por importe de 21.889,28 euros, do capítulo II de exercicios anteriores que se encontran pendentes dun recoñecemento extraxudicial de crédito. Consta no expediente un informe de intervención favorable para estes gastos de combustibles, reparación de vehículos, revisións médicas e cotas de comunidade do ano 2018.

Prosegue o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que va a seguir o mesmo criterio que no punto anterior e que necesitan máis información sobre as facturas que se traen a aprobación.

No mesmo sentido maniféstanse os representantes do grupo municipal Socialista e do grupo Mixto.

A continuación a voceira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Ponte, toma a palabra para dicir que algunhas das facturas corresponden ao ano 2017 e 2018, que foron conformadas polos traballadores e os concelleiros e que se presentan no ano 2019. Seguidamente fai unha relación de facturas que noutras anos foron aprobadas e pagadas da mesma maneira que se intenta facer con este expediente.

Diríxese al concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicíndolle que ten que ter memoria, e que no pleno do Concello de Fene, xamais se impediu a aprobación de ningún expediente de recoñecemento extraxudicial de facturas. É incongruente que critiquen a demora no pago de facturas e polo tanto o período medio de pago, cando hai provedores que emiten facturas con erros,

esíxeselles que as rectifiquen, preséntanas novamente con demora de ata un ano e para que cobren, veñen nun expediente deste tipo, e aínda así non dan a súa conformidade para que se lles abone, sementando dúbidas sobre a súa lexitimidade e sobre a xestión deste goberno.

Dan a entender que o que buscan e prexudicar a xestión e o traballo deste goberno, co que se lle pide que reflexione e que adopte a postura do grupo Popular na oposición absténdose para a tramitación de facturas que veñen de atrás.

O voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Juventino Jose Trigo Rey, resposta a concelleira do grupo municipal do Partido Popular que segue sen entender o que se lle explicou nos anteriores puntos e que non ten relación con facturas concretas se non da súa actitude, xa que levamos pedindo 10 días explicacións sobre o que nos acaba de dicir. Sobre as facturas que se xeraron hai varios anos, o seu grupo da o visto bo e cónfórmanse sen saber se están ben ou mal, xa que no momento de xerarse non formaban parte do goberno e son incapaces de preguntarnos sobre si se as consideramos correctas ou non.

Cando comenzamos no goberno, nos estivemos meses preguntándolles sobre as dúbidas que tiñamos, cousa que vostedes non fixeron.

En relación coa Festa Mariñeira e a factura correspondente, que di que nos tamén nos demoramos no pago, foi debido a que se trabucaron na realización da mesma e a devolvemos, explicándolles o motivo. Isto e o que o seu grupo non fai, pagando tamén sen comprobar e vindo agora estes problemas.

Seguidamente toma a palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que se dirixe ao goberno dicindo que os invitaría a que agora que non son 9, contaran algo máis coa oposición, non sendo de recibo que se nos facilite 3 ou 4 horas antes do pleno a documentación que precisamos para estudar e valorar e así emitir un voto no pleno.

A voceira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, toma a palabra para dicir que non podía levar á Comisión de Facenda a explicación do tema do ADIF, xa que a descoñecía. No resto de facturas non deberían ter ningunha dúbida xa que están firmadas polo responsable o polo concelleiro correspondente, non habendo nada oculto.

De seguido, fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, recorda que na Comisión de Facenda, preguntouse sobre as facturas que se levaban; o único que se nos facilitou sobre esta pregunta foi un informe de 3 páxinas hoxe pola mañá. Na reunión de hoxe a mañá saíu o tema de ADIF, non tendo no día de hoxe máis información que a que tivemos no día da Comisión de Facenda fai dúas semanas.

O voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Juventino Jose Trigo Rey, volta a insistir na actitude e falta de traballo. En canto o tema do ADIF, está seguro que se comentou en comisións e que algún concelleiro do goberno ten constancia.

Sometido o asunto a votación foi rexeitada a súa aprobación logo de obter 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 11 votos en contra (6 do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

7. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 10/2019, proposta 2019/G006/000341

Consta no expediente a Proposta da alcaldía, que foi ditaminada desfavorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 28.10.2019 por 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 2 abstencións do grupo municipal Socialista e 4 votos en contra (3 do grupo municipal do BNG, e 1 voto do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA
2019/G006/000000341

EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 10/2019 (03 DE PLENO)

As facturas incluídas no presente expediente corresponden a servizos prestados en anos anteriores e facturados con posterioridade ao 01/01/2019 polo quen para proceder á súa aprobación, deberá aprobarse con anterioridade o recoñecemento extraxudicial de créditos.

O nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

O gasto que se propón recoñecer como extraxudicial foi realizado antes do 2019, resultando necesario e indispensable para o normal funcionamento dos servizos municipais, pero non poideron ser imputados ao exercicio ao que correspondían pola inexistencia de crédito no orzamento ao que deberían ser imputados.

Considérase necesario e obrigado atender aos gastos incurridos para evitar o perxuício ao terceiro contratante coa Administración, e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa de ésta.

Así mesmo, a imputación do gasto ao exercicio corrente encádrase dentro dos marxes para efectuar un recoñecemento extraxudicial de crédito polo concello de conformidade coas disposicións das BEO 27ª do orzamento do exercicio 2019, e considerando a efectiva prestación dos servizos, suministros e obras constando as facturas acreditativas.

A intervención municipal con data 22/10/2019 emite o informe de fiscalización 310-2019 en relación ao presente expediente que, copiado, di:

"Informe de Intervención 310-2019

Procedemento: Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 10-2019-04PLENO

Tipo de Informe: Borrador [] Provisional [] Definitivo []

INFORME DE INTERVENCIÓN

De conformidade co artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, emítense o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. Segundo o disposto no artigo 176 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en virtude do principio orzamentario de «Especialidade Temporal», «con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento, só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario».

O artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece a posibilidade do recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, atribuíndo ao Pleno da Corporación tal recoñecemento sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito, ou concesións de quita e espera, mediante a asignación puntual e específica de obrigacións procedentes de exercicios anteriores ao orzamento vixente.

Desta maneira, excepcionalmente poderán imputarse ao Orzamento en vigor, obrigacións correspondentes a exercicios anteriores, previo recoñecemento das mesmas. Co que, está admitido o sistema do recoñecemento de obrigacións durante o exercicio orzamentario, proveñan tales

obrigacións de calquera outro exercicio e iso a pesar do disposto no artigo 176 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Artigo 4 do Real Decreto 128/ 2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Artigos 163, 169.6, 173.5, 176 a 179 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigos 25, 26 e 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

TERCEIRO.

As facturas que se recollen no expediente corresponden a gastos dos exercicios 2017 e 2018, imputándose á conta 413. Posteriormente á tramitación do recoñecemento extraxudicial de crédito, imputaranse ás correspondentes partidas.

No artigo 163 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establécese o ámbito temporal do orzamento, que se fai coincidir co ano natural, especificándose que se lle imputarán os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven; e as obrigas recoñecidas durante o exercicio. Este artigo entende, para a imputación temporal dos gastos, o criterio do contraído, o momento no que se recoñece ou liquida a obriga.

No referente ó principio de anualidade, temos que considerar que existen diversas excepcións, sendo estas os gastos plurianuais, os expedientes de incorporación de remanentes, e os recoñecementos extraxudiciais de crédito, que é o suposto que nos ocupa agora. Esta figura xa viña recollida no artigo 448.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local. Esta regulación foi derogada pola aprobación da Lei 39/88, de Facendas Locais. Nembargantes, o artigo 23.1 e) do citado RDL 781/1986, aínda vixente, recolle o recoñecemento extraxudicial como competencia plenaria, e tamén o artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

A jurisprudencia do Tribunal Supremo declarou, en doutrina reiterada, que son de obrigado cumprimento os compromisos adquiridos, aínda con infracción de precepto, baseándose todo elo no artigo 42 da Lei Xeral Orzamentaria, que establece que as obrigas económicas do Estado nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo Dereito as xeren; e o propio Código Civil enumera no seu artigo 108, entre os actos ou feitos xeradores de obrigas, "os actos ou omisións ilícitos ou nos que interveña culpa ou negligencia". O feito de non recoñecer as obrigas asumidas baseándose no principio de anualidade orzamentaria daría tamén lugar a aplicar a teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa.

Existen estas obrigas, por valor de 21.889,28 euros, que non foron recoñecidas no exercicio ó que correspondían, sendo posible tramitar un recoñecemento extraxudicial de créditos en base ós citados artigos 23.1.e do RDL 781/1986, e o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, previa a comprobación de que os servicios ou traballos efectivamente se prestaron ou que os subministros se verificaron.

A Base de Execución 27 do Orzamento 2019 recolle o disposto no artigo 26 do Real decreto 500/1990, que establece o principio de temporalidade, engadindo como excepción as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o art. 60.2 do Real decreto 500/1990, é dicir, os recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Enténdese polo tanto, dentro do contexto do principio de imputación temporal dos créditos, por obrigas obxecto de recoñecemento extraxudicial aquelas que, xeradas en exercicios anteriores, deban ser satisfeitas a terceiros de boa fe por aplicación do principio de prohibición do enriquecemento inxusto da administración e non se deriven de compromisos de gasto debidamente adquiridos polos seguintes motivos:

– Por realizarse os ditos gastos sen consignación orzamentaria en exercicios anteriores.

–Cando, existindo consignación orzamentaria en exercicios anteriores, o gasto non se comprometeu na forma debida.

Sendo o caso das facturas do expediente respecto ás que non existía crédito no exercicio no que se realizou o gasto existindo crédito no exercicio actual no día da data aínda que non para dito gasto polo principio de especialidade temporal dos créditos. En consecuencia, de conformidade co artigo 216.2a do TRLRHL procede o reparo do gasto que nos ocupa por inexistencia ou inadecuación de crédito, con efectos suspensivos ata o seu levantamento polo órgano competente. O artigo 217.2b do TRLRHL establece que corresponderá o Pleno a resolución de discrepancias cando os reparos se basen na insuficiencia ou inadecuación de crédito.

CUARTO. Outra vía apuntada xurisprudencialmente de forma cada vez máis reiterada é a de tramitar a nulidade dos contratos recollida, por exemplo, na sentenza do xuzgado contencioso-administrativo nº 4 de Oviedo, de 12 de xuño de 2017.

Nesta liña compre informar que as Administracións Públicas están obrigadas polo artigo 1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público a respetar os principios de «libertad de acceso a las licitaciones, publicidad y transparencia de los procedimientos, y no discriminación e igualdad de trato entre los licitadores, y de asegurar, en conexión con el objetivo de estabilidad presupuestaria y control del gasto, y el principio de integridad una eficiente utilización de los fondos destinados a la realización de obras, la adquisición de bienes y la contratación de servicios mediante la exigencia de la definición previa de las necesidades a satisfacer, la salvaguarda de la libre competencia y la selección de la oferta económicamente más ventajosa».

Esta Transposición levanos a concluir a nulidade de Pleno dereito dos contratos que deron lugar ás facturas ás que fai referencia o presente expediente, ao amparo do establecido no artigo 39 de la LCSP.

"1. Son causas de nulidad de derecho administrativo las indicadas en el artículo 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas...

...2. Serán igualmente nulos de pleno derecho los contratos celebrados por poderes adjudicadores en los que concurra alguna de las causas siguientes:

...b) La carencia o insuficiencia de crédito, de conformidad con lo establecido en la Ley 47/2003, de 26 de noviembre, General Presupuestaria, o en las normas presupuestarias de las restantes Administraciones Públicas sujetas a esta Ley, salvo los supuestos de emergencia."

Aos efectos da declaración de nulidade será de aplicación o disposto no artigo 106 da Ley 39/2015:

"1.Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1. "

Declarada a nulidade do contrato haberá que estar a o disposto no artigo 42 da LCSP:

"1. La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido.

2. La nulidad de los actos que no sean preparatorios solo afectará a estos y sus consecuencias.

3. Si la declaración administrativa de nulidad de un contrato produjese un grave trastorno al servicio público, podrá disponerse en el mismo acuerdo la continuación de los efectos de aquel y bajo sus mismas cláusulas, hasta que se adopten las medidas urgentes para evitar el perjuicio.

4. Los efectos establecidos en los apartados anteriores podrán ser acordados por la sentencia que ponga fin al recurso contencioso-administrativo interpuesto previa declaración de lesividad, de conformidad con lo previsto en el artículo 71 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-administrativa.”

Axurisprudencia do Tribunal Supremo matizou as consecuencias que leva aparellada a nulidade do contrato, considerando que “si la prestación ha sido efectivamente realizada, la Administración está obligada al pago de su importe”, impediéndose, de esta forma, que se produza un enriquecimiento inxusto daquela e sen perxuízo do seu dereito de esixir as responsabilidades que corresponda por razón das irregularidades. Así, as Sentencias do Tribunal Supremo de 24 de xullo de 1992, 28 de maio de 1996 e 4 de marzo de 1997.

Por conseguinte, en aplicación da aludida prohibición do enriquecemento inxusto, aínda estando ante un contrato nulo, existe obriga do Concello de aboar o prezo pactado. Non parece posible que prospere calquer acción xudicial encamiñada a reclamar do contratista a devolución das cantidades percibidas como remuneración pola prestación dos seus servizos.

O desequilibrio deberá estar constituido por prestacións do particular que non se deban a súa propia iniciativa nin revelen unha vontade maliciosa do mesmo, senon que teñan a súa orixe en feitos, emanados da Administración pública, que xeraran razoablemente nese particular a creencia de que lle correspondía un deber de colaboración con dita Administración. Sen perxuízo da eventual responsabilidade das autoridades do Concello que contrataron de forma ilegal, aceptouse deberían ser pagadas para non producir enriquecemento injusto del Ayuntamiento.

QUINTO 0360-G base ao exposto con anterioridade, o órgano competente para a aprobación de devandito expediente será o Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa.”

No informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago da factura pois noutro caso estaría a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Por conseguinte, en aplicación da aludida prohibición do enriquecemento inxusto, aínda estando ante un contrato nulo, existe obriga do Concello de aboar o prezo pactado. Non parece posible que prospere calquer acción xudicial encamiñada a reclamar do contratista a devolución das cantidades percibidas como remuneración pola prestación dos seus servizos.

O presente expediente tramítase simultaneamente ao expediente de modificación de créditos 25/2019, subexpediente 15/2018, na súa modalidade de transferencia de créditos, e que ten como finalidade incrementar o crédito das aplicacións aos que se imputan estes gastos, é polo que a aprobación deste expediente queda condicionado á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo interposto pola intervención municipal á aprobación das facturas que forman parte do expediente.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos núm 10/2019 (Núm. 03 de Pleno), por un importe total de 21.889,28 € .

Terceiro.- Autorizar e dispoñer do gasto e recoñecer a obriga a favor dos provedores, polo importe que se especifica e con cargo ás aplicacións orzamentarias detalladas, ordenando o seu pagamento:

C.I.
E.:
P-
150
360
0-G

FACTURA	DATA	DOC	DATA DOC	IMP	TERCEIRO	CONCEPTO
F/2019/1916	07/05/2019	FAC18 19225	31/03/2018	35,02	AREA SERVICIO VILAR DO COLO SL	SUBMINISTRO DE GASOLEO A PARA DISTINTOS VEHICULOS DO CONCELLO (OBRAS, LIXO, CEMITERIO, PROT. CIVIL, FORM. E EMPREGO)

C.I.
F.:
P-
150
360
0-G

FACTURA	DATA	DOC	DATA DOC	IMP	TERCEIRO	CONCEPTO
F/2019/1916	07/05/2019	FAC18 19225	31/03/2018	117,76	AREA SERVICIO VILAR DO COLO SL	SUBMINISTRO DE GASOLEO A PARA DISTINTOS VEHICULOS DO CONCELLO (OBRAS, LIXO, CEMITERIO, PROT. CIVIL, FORM. E EMPREGO)
F/2019/2049	24/05/2019	FAC18 5831	01/04/2018	185,72	AREA DE SERVICIO NARON, S.L.	GASOLEO A PARA C8886CJ 1460DRX C8596CJ
F/2019/2471	14/06/2019	FE18137026659587	16/12/2018	112,77	COMERCIALIZADOR A REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ALUMEADO PUBLICO FEAL 0003 DO 08.11.2018 AO 10.12.2018
F/2019/3560	21/09/2019	RE18137000137612	05/12/2018	813,63	COMERCIALIZADOR A REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ALUMEADO PUBLICO DO 16.12.16 AO 02.02.17 REGO DA MOA 9710
F/2019/3561	21/09/2019	RE18137000137606	05/12/2018	82,75	COMERCIALIZADOR A REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ALUMEADO PUBLICO DO 15.10.14 AO 08.12.14 REGO DA MOA 9710
F/2019/3562	21/09/2019	RE18137000137609	05/12/2018	540,47	COMERCIALIZADOR A REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ALUMEADO PUBLICO DO 10.12.15 AO 11.02.15 REGO DA MOA 9710
F/2019/3563	21/09/2019	RE18137000137614	05/12/2018	383,42	COMERCIALIZADOR A REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ALUMEADO PUBLICO DO 04.08.17 AO 05.10.17 REGO DA MOA 9710
F/2019/3564	21/09/2019	RE18137000137607	05/12/2018	470,18	COMERCIALIZADOR A REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ALUMEADO PUBLICO 14.08.15 AO 16.10.15 REGO DA MOA 9710
F/2019/3565	21/09/2019	RE18137000137608	05/12/2018	481,73	COMERCIALIZADOR A REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ALUMEADO PUBLICO DO 16.10.15 AO 10.12.15 REGO DA MOA 9710
F/2019/3566	21/09/2019	RE18137000137611	05/12/2018	388,07	COMERCIALIZADOR A REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ALUMEADO PUBLICO DO 10.08.16 AO 16.10.16 REGO DA MOA 9710
F/2019/2878	18/07/2019	F1/1710871	15/06/2017	45,39	PORTOMOTOR S.L.U.	4 EMPATES RECTOS 4MM E 3 TULIPAS TRASEIRAS NISSAN RVI CAMION XARDINS
F/2019/2879	18/07/2019	F1/1710979	15/07/2017	76,24	PORTOMOTOR S.L.U.	4 LAMPARAS H7 24V 70W PX26D, 10 LAMPARAS 24V21W 1POLO TRASEIRA E 10 LAMPARAS STOP 24V 21/5W 2FIL 2P
F/2019/2880	18/07/2019	F1/1711546	15/11/2017	40,87	PORTOMOTOR S.L.U.	2 LUCES POSICION 3 SERV E 10 LAMPARAS PILOTO 24V R 5W
F/2019/2881	18/07/2019	F1/1810185	15/02/2018	24,15	PORTOMOTOR S.L.U.	ACOPLAMENTO MANGUERA 10 D12 E ESPELLO UNIVERSAL
F/2019/3301	05/09/2019	2017-m- 28	12/04/2017	924,00	INSTITUTO GALEGO C.OCULAR	RECONOCIMIENTOS OFTALMOLOGICOS FUNCIONARIOS ANO 2017
F/2019/3305	05/09/2019	2017-m- 29	12/04/2017	756,00	INSTITUTO GALEGO C.OCULAR	RECONOCIMIENTOS OFTALMOLOGICOS PERSOAL LABORAL ANO 2017
F/2019/3307	05/09/2019	2019-m- 120	02/08/2019	1.176,00	INSTITUTO GALEGO C.OCULAR	RECONOCIMIENTOS OFTALMOLOGICOS A FUNCIONARIOS REALIZADOS EN EL AÑO 2018
F/2019/1916	07/05/2019	FAC18 19225	31/03/2018	103,01	AREA SERVICIO VILAR DO COLO SL	SUBMINISTRO DE GASOLEO A PARA DISTINTOS VEHICULOS DO CONCELLO (OBRAS, LIXO, CEMITERIO, PROT. CIVIL, FORM. E EMPREGO)

C.I.
F.:
P-
150
360
0-G

FACTURA	DATA	DOC	DATA DOC	IMP	TERCEIRO	CONCEPTO
F/2019/3481	10/09/2019	2019FA00001797	18/01/2019	1.269,23	NATURGY IBERIA, S.A	GAS CENTRO SAUDE FENE 12.11.18 AO 12.12.18
F/2019/3602	26/09/2019	D- 2	26/09/2019	120,00	EASY SPORT FERROL SL	DEPORTE NA RUA - TALLERES DE ZUMBA E BAILE MODERNO ANO 2018
F/2019/3469	10/09/2019	2019FA00001793	18/01/2019	1.388,33	NATURGY IBERIA, S.A	GAS PISCINA MUNICIPAL 20.11.18 AO 20.12.18
F/2019/747	26/02/2019	1801014219	05/03/2018	1.949,96	ADMINISTRACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS	ALUGUER TERREO ANEXO BARALLOBRE 01/01/2017-30/06/2017
F/2019/748	26/02/2019	1801014252	06/03/2018	1.949,96	ADMINISTRACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS	ALUGUER TERREO ANEXO BARALLOBRE 01/07/2017-31/12/2017
F/2019/745 F/2019/745036060	26/02/2019	1801033317	02/07/2018	1.971,42	ADMINISTRACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS	ALUGUER TERREO ANEXO BARALLOBRE 01/07/2018-31/12/2018
F/2019/750	26/02/2019	1801014519	07/03/2018	1.971,42	ADMINISTRACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS	ALUGUER TERREO ANEXO BARALLOBRE 01/01/2018-30/06/2018
F/2019/1916	07/05/2019	FAC18 19225	31/03/2018	157,65	AREA SERVICIO VILAR DO COLO SL	SUBMINISTRO DE GASOLEO A PARA DISTINTOS VEHICULOS DO CONCELLO (OBRAS, LIXO, CEMITERIO, PROT. CIVIL, FORM. E EMPREGO)
F/2019/3473	10/09/2019	2019FA00007203	23/01/2019	1.128,85	NATURGY IBERIA, S.A	GAS CONCELLO 12.11.18 AO 12.12.18
F/2019/1916	07/05/2019	FAC18 19225	31/03/2018	362,66	AREA SERVICIO VILAR DO COLO SL	SUBMINISTRO DE GASOLEO A PARA DISTINTOS VEHICULOS DO CONCELLO (OBRAS, LIXO, CEMITERIO, PROT. CIVIL, FORM. E EMPREGO)
F/2019/2049	23/05/2019	FAC18 5830	31/03/2018	857,90	AREA DE SERVICIO NARON, S.L.	GASOLEO A PARA C8886CJ 1460DRX C8596CJ
				2.004,72	COMUNIDADE PROPIETARIOS AVDA NATURAIS 44	CUOTAS COMUNIDADE 2018
Total				21.889,28		

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipais.

Asinado dixitalmente polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal, na data da marxe."

A voceira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, toma a palabra para explicar que con este recoñecemento extraxudicial preténdese cunha modificación de crédito que se levaba no punto anterior, dotar unha serie de partidas orzamentarias para poder facer fronte a facturas de exercicios anteriores e que foron presentadas neste exercicio.

Toma a palabra o presidente do pleno, Gumersindo Pedro Galego Feal, que informa, tras consultar coa secretaria do pleno, que ao ser un punto vinculado ao anterior, procederá na votación da mesma forma que no punto anterior.

Sometido o asunto a votación foi rexeitada a súa aprobación logo de obter 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 11 votos en contra (6 do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

8. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista sobre a política do goberno galego en relación aos danos producidos polo xabaril

Consta no expediente a Moción do grupo municipal Socialista, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 29.10.2019 por 6 votos a favor (3 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 2 abstencións do grupo municipal do PP, que copiada di:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE FENE SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACION AOS DANOS PRODUCIDOS POLO XABARIL

De acordo co previsto no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e no Regulamento Orgánico do Concello de Fene, aprobado o 6 de marzo de 2008, o Grupo Municipal Socialista do Concello de FENE, composto pola voceira, Mar Piñeiro Otero (32.657.772 A) e Marta Pereiro Calvo (32.717.286 V), Ana Basoa Riobóo (32.653.542 M) e Antón Lois Noceda Carballo (32.649.345 V), desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os danos do xabaril constitúen a día de hoxe un grave problema social en Galicia. As poboacións destes animais causan danos na agricultura que Unións Agrarias ten estimado nun informe técnico en preto de 15 millóns de euros ao ano. Asemade os responsables de Tráfico e da Garda Civil informan dunha media nos últimos anos duns 1.100 accidentes de tráfico cada ano, vencellados á irrupción do xabaril nas estradas galegas.

Engadamos a estes efectos negativos, o problema que supón esta especie sobre os ecosistemas de zonas protexidas e espazos naturais, onde o seu control está restrinxido e precian sobre a fauna protexida. Tamén o seu acercamento ás cidades co perigo certo que supoñen para as persoas ás que poden atacar con consecuencias imprevisibles, como vén de pasar en Pontearreas recentemente.

Por último, a ameaza que supón o achegamento a Galicia da peste porcina africana, e a ameaza directa que supón para os centos de familias que dependen do rural do sector porcino, sector que desaparecería por unha mala xestión das poboacións do xabaril, o seu principal vector de contaxio. As fórmulas actuais para controlar as poboacións de xabaril a través da caza, de previr todos os seus danos, e de pagalos a quen os está a sufrir, son a día de hoxe insuficientes, porque lonxe de poñer o problema baixo control, aumenta cada ano.

Asemade o actual marco legal da caza en Galicia, deixa un simple papel de cómodo observador á Xunta de Galicia, quen delegou toda a responsabilidade e todo o traballo do control das poboacións de xabaril, e mesmo do pago dos danos, aos TECOR e Sociedades de Caza do rural, que carecen dos recursos e dos medios para afrontar estas responsabilidades.

Por todo o anterior, e dado a importancia que o rural representa neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nasa economía produtiva solícita do Pleno municipal a adopción dos seguintes

O Grupo Municipal Socialista no Concello de FENE somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar as seguintes propostas :

Co obxectivo de harmonizar a coexistencia das poboacións do xabaril e a conservación desta especie, cun rural vivo e con actividade agraria e gandeira, coa seguridade da circulación viaria, e co equilibrio medioambiental dos ecosistemas naturais galegas, aos que unha proliferación desordenada desta especie, pon en perigo.

Solicitar á Xunta de Galicia que impulse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión de fauna. Pasando a asumir directamente o Goberno galego as responsabilidades que a continuación se enumeran:

1. Elaborar un censo da poboación de xabaril en Galicia.

2. Determinar a densidade máxima de xabaráis que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos, o risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animal á cabana gandeira.
3. Fixar as medidas de control da poboación de xabaráis.
4. Poñer en marcha novas medidas para o control dos danos na agricultura.
5. Pago das indemnización por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio de agricultores e gandeiros, tanto os profesionais, coma os de a tempo parcial.
6. Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas."

Seguidamente, fai uso da palabra a concelleira do Grupo Municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que da lectura a moción.

C.I.F.: P-1503600-G

A continuación, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Juventino José Trigo Rey, que di sobre este asunto que xa foi debatido en xaneiro deste mesmo ano e que o seu grupo apoiou. Desde aquel momento, o único que cambiou é que a Xunta permitiu a caza deste animal e case sen control, o que pode producir que estes animais escapen cara calquera lado, o que pode producir máis accidentes de tráfico, máis contacto coa xente que neste época do ano esta a recoller cogomelos, nas rutas de sendeirismo, agricultores. Afirma tamén que a Xunta nos últimos anos non sacou subvencións ou axudas para paliar os danos do xabarlil nos terreos agrícolas o que fai agora cunha previsión das próximas eleccións.

Seguidamente toma a palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que manifesta o seu apoio a esta moción.

A voceira do grupo Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, prosegue dicindo que o seu grupo non vai a apoiar esta moción, xa que a considera innecesaria. Os puntos que se traen a debater xa están sendo tratados pola Xunta de Galicia desde principios de ano.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 6 votos a favor do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Solicitar á Xunta de Galicia que impulse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión de fauna. Pasando a asumir directamente o Goberno galego as responsabilidades que a continuación se enumeran:

1. **Elaborar un censo da poboación de xabarlil en Galicia.**
2. **Determinar a densidade máxima de xabaráis que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos, o risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animal á cabana gandeira.**
3. **Fixar as medidas de control da poboación de xabaráis.**
4. **Poñer en marcha novas medidas para o control dos danos na agricultura.**
5. **Pago das indemnización por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio de agricultores e gandeiros, tanto os profesionais, coma os de a tempo parcial.**

6. Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas.

9. Aprobación, se procede, da Proposta da concelleira delegada de Ensino de inicio do procedemento de elección de membros do Consello Escolar Municipal de Fene

Consta no expediente a Proposta da concelleira delegada de Ensino, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 29.10.2019 pola unanimidade dos concelleiros presentes, (3 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal), que copiada di:

“Asunto: PROPOSTA DE INICIO DE PROCEDIMENTO DE ELECCIÓN DE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE FENE.

JUANA BARRO COUTO, CONCELEIRA-DELEGADA DE ENSINO, logo de ver:

- Que o Regulamento do Consello Escolar Municipal (BOP do 17/04/2012 e modificacións introducidas publicadas no BOP do 21/06/2013) dispón:
 - “O mandato dos membros do Consello é de catro anos e coincidirá co da Corporación municipal” (Art. 5.1.)
 - “O primeiro Consello que se constituía trala entrada en vigor deste regulamento será polo tempo que lle resta á Corporación municipal para cumprir o seu corrente mandato” (Disposición adicional primeira).
- C.I.F.: P-1593600-G “O pleno acordará a proposta da comisión informativa, a convocatoria de elección dos representantes no Consello Escolar Municipal de Fene que requiren de elección segundo o artigo 4 deste regulamento.

A designación de candidatos para membros do Consello Escolar Municipal de Fene será requirida, pola Xunta Electoral (constituída de acordo co disposto no artigo 32 e seguintes do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro) a cada entidade, colectivo ou organismo, coa finalidade de coordinar, en termos de tempo e forma, o procedemento.

A Xunta Electoral queda facultada para interpretar e aclarar todas as cuestións que se susciten sobre o proceso de eleccións (quen posúe a condición de elector ou elixible, procedemento de elección, designación ou proposta, etc.)” (Artigo 14).

- Que o Decreto 44/1988, do 11 de febreiro (DOG 11/03/1988) no seu artigo 32 dispón:
 - “A organización e supervisión do procedemento de eleccións dos membros do Consello Escolar municipal representantes dos alumnos nos concellos aos que fai referencia estará a cargo da Xunta Electoral constituída en cada Concello, a cal estará integrada polo alcalde ou membro da Corporación en que delegue, un profesor, un pai e un alumno a partir do ciclo superior de E.X.B.; designados os tres últimos por sorteo.

Respecto aos membros que deben ser elixidos segundo o disposto pola Corporación local terase en conta o que a mesma estableza.”

Propoño a aprobación do seguinte DITAME:

Someter á consideración do Concello pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar, consonte ao disposto no artigo 14 do Regulamento do Consello Escolar Municipal de Fene, a convocatoria de elección dos representantes no Consello Escolar Municipal de Fene que requiren de elección segundo o artigo 4 do citado regulamento.
2. Aprobar, consonte ao artigo 32 do Decreto 44/1988 do 11 de febreiro, iniciar o procedemento para a constitución da Xunta Electoral que organice e supervise o procedemento de elección dos

membros do Consello Escolar Municipal de Fene que requiren de elección segundo o artigo 4 do seu Regulamento.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Juventino José Trigo Rey, manifesta a intención do seu grupo de votar a favor da proposta.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, e a voceira do grupo Mixto Municipal, María del Carmen Martínez Rodríguez, afirman que os seus grupos van apoiar a proposta co voto favorable.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Aprobar, consonte ao disposto no artigo 14 do Regulamento do Consello Escolar Municipal de Fene, a convocatoria de elección dos representantes no Consello Escolar Municipal de Fene que requiren de elección segundo o artigo 4 do citado regulamento.

2. Aprobar, consonte ao artigo 32 do Decreto 44/1988 do 11 de febreiro, iniciar o procedemento para a constitución da Xunta Electoral que organice e supervise o procedemento de elección dos membros do Consello Escolar Municipal de Fene que requiren de elección segundo o artigo 4 do seu Regulamento.

10. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista sobre a Política do goberno galego en relación ao comezo do curso escolar

Consta no expediente a Moción do grupo municipal Socialista, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 29.10.2019 por 6 votos a favor (3 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE FENE SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACION AO COMENZO DO CURSO ESCOLAR

De acordo co previsto no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e no Regulamento Orgánico do Concello de Fene, aprobado o 6 de marzo de 2008, o Grupo Municipal Socialista do Concello de FENE, composto pola voceira, Mar Piñeiro Otero (32.657.772 A) e Marta Pereiro Calvo (32.717.286 V), Ana Basoa Riobóo (32.653.542 M) e Antón Lois Noceda Carballo (32.649.345 V), desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A educación pública é unha ferramenta fundamental para garantir a igualdade de oportunidades e para conquistar que calquera neno ou nena poida acadar un desenvolvemento pleno das súas potencialidades e, con iso, loitar por un futuro máis próspero. A educación é prioritaria tamén para acadar unha economía máis próspera e unha sociedade máis puxante.

A aposta pola educación pública é fundamental para a xustiza social. A premisa de que nin o nivel de renda dunha familia nin o código postal determinen o futuro dos nosos nenos e das nosas nenas implica a necesidade de compromiso coa educación pública e co sistema público en conxunto, para que o futuro deses nenos dependa exclusivamente do seu esforzo e das súas capacidades.

Para iso, necesitamos unha educación pública de calidade, que se centre nos alumnos e nas alumnas, particularmente naqueles e naquelas con algún tipo de diversidade funcional; que aposte polos docentes e as docentes como pilar básico do sistema e que persiga a excelencia e non a exclusión no seu funcionamento.

O goberno da Xunta de Galicia aplicou recortes e políticas que non melloran a calidade do sistema educativo en Galicia; recortes que, baixo unha falsa mensaxe de eficiencia e equidade, teñen fondas razóns ideolóxicas. Unha década de recortes educativos que se poden concretar:

1. A Xunta de Galicia recortou o seu orzamento en educación na última década e inviste agora 180 millóns de euros menos en educación que hai dez anos
2. Hoxe hai case 1500 mestres e profesores non universitarios menos que hai dez anos
3. Peche de escolas e redución de unidades escolares
4. Negativa da Xunta a recuperar a gratuidade universal dos libros de texto, implicando custes excesivos para moitas familias
5. Insuficiencia de escolas infantís e suspenso pola falla de aposta pola universalización da escolarización de nenos e nenas de 0 a 3 anos
6. Falla de compromiso co profesorado, que está en peores condicións docentes, con recortes nos seus dereitos laborais e na súa propia formación continua
7. Ausencia de política de país para garantir unha oferta educativa axeitada no medio rural
8. Negativa a implantar a gratuidade da primeira matrícula no sistema universitario galego
9. I.E. Esquecemento e falta de apoio convencido a Formación Profesional.

O Grupo Municipal Socialista no Concello de FENE somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar as seguintes propostas :

- 1.- Rexeitar a política de recortes e desmantelamento da educación pública que está levando a cabo o goberno do PP na Xunta de Galicia, que provoca a perda de calidade no servizo público educativo e lesiona principios como os de igualdade de oportunidades, xustiza social e equidade.
- 2.- Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a revertir de xeito inmediato os recortes levados a cabo e a apostar decididamente por un sistema educativo público, universal, gratuíto e de calidade.
- 3.- Instar ó Alcalde do Concello de Fene para que efectúe unha mellora de eficiencia enerxética dos CEIP O Ramo, CEIP Plurilungüe Os Casais, e do CEIP A Xunqueira, reducindo:
 1. A demanda enerxética, aumentando a eficiencia das instalacións, adoptando medidas nas fachadas, nos ocos, vidros e marcos, particións, nos chans e nas cuberta e aumentando o uso de enerxías renovables, co obxectivo de reducir o consumo enerxético para garantir a temperatura interior de confort durante todas as estacións do ano.
 2. No caso do CEIP Os Casais, a perda de eficiencia enerxética de calefacción é debido o recorrido dende a calefacción no exterior e todos as súas tubaxe sen protección. Neste caso e necesario instar ó Alcalde do Concello de Fene para que se efectúe o illamento térmico de tubeiras é necesario para reducir as perdas de enerxía, evitar as condensacións superficiais, e reducir os riscos de conxelación das tubaxes que descorren polo exterior dos edificios. Estas tubaxes presentan maior perdas de calor porque as temperaturas exteriores son inferiores das que se dan no interior dos edificios
- 4.- Instar ó Alcalde do Concello de Fene para que se realice un plan de mantemento anual na Escola Infantil de Perlío (A Galiña Azul) e que se compensen aquelas obras que lle correspondan á Xunta de Galicia.

5.- Instar ó Alcalde do Concello de Fene para a execución dun pavillón no Instituto de Barallobre para completar os servizos existentes na actualidade neste centro educativo.

Remitir o acordo aos grupos do Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia para a súa toma en consideración."

A continuación, fai uso da palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que da conta da moción.

Seguidamente, toma a palabra o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Juventino José Trigo Rey, quen afirma estar de acordo en todos os puntos, como é lóxico en defensa do ensino público. Recordando que as cousas que non sexan competencia da alcaldía, que sexa este o que inste aos organismos responsables ou competentes.

A voceira do Grupo Mixto Municipal, María del Carmen Martínez Rodríguez, manifesta a súa intención de votar a favor da moción.

Prosegue a voceira do Grupo Municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, dicindo que todos están a favor da educación en xeral e neste caso da educación pública. Non están de acordo con varios puntos no que, entre outras cousas, se insta ao alcalde, a levar a cabo actuacións nas que non ten competencia. En relación ás obras que debe realizar este Goberno, non existe ningún problema, xa que se pode facer referencia ás obras realizadas durante un ano e que non foron debidas a deficiencias, como no colexio do Ramo coas ampliacións de comedor, cambio de cociña e melloras na accesibilidade, reparouse o parque infantil e coa colaboración da Xunta a reparación do tellado. No caso do colexio dos Casais, substituíuse a carpintería metálica, substitución da caldeira por unha máis eficiente. No colexio de Centieiras, a cubrición da pista polideportiva, cambio das gradas e construción de baños na primeira planta.

Na Galiña Azul no último ano, realización de punto de encontro en caso de emerxencia, amañouse a caldeira e comprouse unha secadora.

Aclara tamén que a maioría das competencias das solicitudes non son competencia municipal, senón autonómicas.

En canto a falta de profesorado, débese recordar a oferta de emprego público para profesorado que hai convocada, que é a máis alta de toda a historia.

En relación a gratuidade dos libros, a día de hoxe os alumnos de terceiro a sexto gozan de libros de balde, o comedor escolar vai en función da renda familiar.

A inversión feita nos centros escolares no ano 2019, foi a máis grande dos últimos 20 anos, ascendendo a 50 millóns de euros.

Polo exposto o seu grupo non pode apoiar esta moción, mantendo o compromiso do grupo do goberno de buscar calquera tipo de mellora ou solución ás demandas que se manifesten desde os colexios.

Prosegue a voceira do Grupo Municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que di que instar e o mesmo que pedir, pretender, rogar, solicitar, suplicar, insistir ou reclamar. Diríxese a voceira do Grupo Municipal Popular dicindo que poder ser que non lle guste a moción e incluso poderíase cambiar o título. Seguen existindo deficiencias nos colexias e quizais non fomos suficientemente ambiciosos e puidemos referir moitas máis necesidades, vendo que a inversión que vostede describiu non e así.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 6 votos a favor do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Rexeitar a política de recortes e desmantelamento da educación pública que está levando a cabo o goberno do PP na Xunta de Galicia, que provoca a perda de calidade no servizo público educativo e lesiona principios como os de igualdade de oportunidades, xustiza social e equidade.

2.- Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a reverter de xeito inmediato os recortes levados a cabo e a apostar decididamente por un sistema educativo público, universal, gratuíto e de calidade.

3.- Instar ó Alcalde do Concello de Fene para que efectúe unha mellora de eficiencia enerxética dos CEIP O Ramo, CEIP Plurilingüe Os Casais, e do CEIP A Xunqueira, reducindo:

1. A demanda enerxética, aumentando a eficiencia das instalacións, adoptando medidas nas fachadas, nos ocos, vidros e marcos, particións, nos chans e nas cuberta e aumentando o uso de enerxías renovables, co obxectivo de reducir o consumo enerxético para garantir a temperatura interior de confort durante todas as estacións do ano.

2. No caso do CEIP Os Casais, a perda de eficiencia enerxética de calefacción é debido o recorrido dende a calefacción no exterior e todos as súas tubaxe sen protección. Neste caso e necesario instar ó Alcalde do Concello de Fene para que se efectúe o illamento térmico de tubeiras é necesario para reducir as perdas de enerxía, evitar as condensacións superficiais, e reducir os riscos de conxelación das tubaxes que descorren polo exterior dos edificios. Estas tubaxes presentan maior perdas de calor porque as temperaturas exteriores son inferiores das que se dan no interior dos edificios

4.- Instar ó Alcalde do Concello de Fene para que se realice un plan de mantemento anual na Escola Infantil de Perlío (A Galiña Azul) e que se compensen aquelas obras que lle correspondan á Xunta de Galicia.

5.- Instar ó Alcalde do Concello de Fene para a execución dun pavillón no Instituto de Barallobre para completar os servizos existentes na actualidade neste centro educativo.

11. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista sobre a falta de profesorado que presta atención á diversidade no CEIP Plurilingüe O Ramo

Consta no expediente a Moción do grupo municipal Socialista, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 29.10.2019 por 6 votos a favor (3 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP, que copiada di:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE FENE SOBRE A FALTA DE PROFESORADO QUE PRESTA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CEIP PLURILINGÜE O RAMO

De acordo co previsto no *Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro*, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e no Regulamento Orgánico do Concello de Fene, aprobado o 6 de marzo de 2008, o Grupo Municipal Socialista do Concello de FENE, composto pola voceira, Mar Piñeiro Otero (32.657.772 A) e Marta Pereiro Calvo (32.717.286 V), Ana Basoa Riobóo (32.653.542 M) e Antón Lois Noceda Carballo (32.649.345 V), desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Decreto 299/2011 de 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei Orgánica 2/2006. do 3 de maio , de educación

ANTECEDENTES

Segundo se ten trasladado o Grupo Municipal Socialista por parte de varias familias de alumnos e alumnas que están escolarizados/as no do CEIP Plurilingüe O Ramo, no concello de Fene, ao inicio deste curso 2019/2020, e que teñen necesidades educativas especiais, reduciuse o profesorado que presta atención á diversidade, o que dificulta o seguimento das clases destes nenos e nenas.

O sistema educativo en Galicia contempla a atención a diversidade como un dereito fundamental, tal como se recolle no Decreto 299/2011 de 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

O CEIP Plurilingüe O Ramo é un máis dos centros que se atopan afectados pola redución de profesorado sen que se teña recibido xustificación algunha ao respecto, situación que contribúe á unha redución da calidade educativa, sobre todo no ámbito da atención á diversidade, que sitúa en teoría e segundo declaran de forma continua os responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a Galicia no primeiro posto do Estado.

A realidade actual é que existe unha necesidade de facilitar a incorporación o noso sistema educativo de todo o alumnado da comunidade e polo tanto tamén no caso do CEIP Plurilingüe O Ramo. Entendemos que esta é a liña de actuación que se ten que aplicar, é debe ser unha prioridade é tamén ten que intentar minimizar e non acrecentar as dificultades dos alumnos como das alumnas, así como as das súas familias, para que podan ter a súa incorporación o noso sistema educativo.

Cada alumno e alumna, atendendo as súas circunstancias persoais, pode ter, unhas necesidades específicas de apoio educativa, como as aquí expostas as cales se deber dar unha resposta , adoptando para elo a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, as medidas legalmente establecidas o efecto de ofrecerlles:

- Un reforzo educativo:
 - No comezo deste Curso 2019/2020, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, non se tiveron en contas os alumnos e alumnas que precisan deste servizo.
- Un apoio educativo
 - Nestes casos descritos con anterioridade e precisa a intervención de profesores/as pedagogía terapéutica dentro ou fora da aula para axudar a estes alumnos/as con dificultades escolares, logo de ver a avaliación psicopedagóxica na que se evidencia a necesidade desta axuda.
- Unha adaptación curricular individualizada (de precisalos)
 - Deberase tomar esta medida extraordinaria para modificar un ou máis elementos do currículo, (Obxectivos, contidos ou criterios de avaliación) para que sexan adaptados as necesidades de aprendizaxe ou capacidades excepcionais, coa finalidade de que estes alumnos/as poidan alcanzar ó máximo das súas capacidades.
- A realización duns agrupamentos específicos en cada caso (de precisalos)
 - Deberase realizar agrupamentos flexibles cun carácter transitorio para apoio destes alumnos/as.

POR TODO O ANTERIORMENTE EXPOSTO:

O Grupo Municipal Socialista no Concello de FENE somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar as seguintes propostas :

Instar o Alcalde de Fene a que de traslado a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que lles formule as seguintes peticións:

1. Informar sobre a situación de exclusión na que se atopa o CEIP Plurilingüe O Ramo

2. Dotar ao CEIP Plurilingüe O Ramo do profesorado suficiente para levar a cabo as medidas de atención á diversidade identificadas e deseñadas polo departamento de orientación do centro para o curso 2019/2020
3. Instar a Consellería para que cumpra a súa obriga de dotar dos medios e apoios necesarios para que estes nenos/as poidan ter un pleno desenvolvemento persoal e nunha situación de igualdade ao igual que os seu compañeiros
4. Instar a que as políticas de formación continuada do profesorado sexan reforzadas en toda a comunidades docente, co obxectivo de que se creen programas específicos nos que se adopten medidas axeitadas para resolver o problema da exclusión educativa , e que está sexa asumida polo conxunto da comunidade educativa
5. Garantir o dereito a recibir unha educación inclusiva de todos e todas con necesidades especiais ,establecendo para elo as medidas de actuación que sexan necesarias
6. Elaborar un procedemento para informar e acompañar as familias destes nenos e nenas nas relacións entre os profesores e o alumnado."

A continuación, fai uso da palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que explica con respecto a moción, que xurdiron dúbidas na comisión pertinente se este era un tema que xa se estaba tratando. Di que a van a expoñer tal e como se presentou e logo queren facer unha emenda. Trala lectura do contido da moción, a voceira sinala que lles gustaría facer unha emenda na que se recollera que por parte do Concello de Fene se fixera unha reunión ou grupo de traballo para que os directores, as ANPAS e os nenos con estes problemas, expuxeran cal é a súa realidade

Abre o debate o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Juventino José Trigo Rey, dicindo que o seu grupo vai apoiar esta moción, coma xa o fixeron en comisión.

A voceira do Grupo Mixto Municipal, María del Carmen Martínez Rodríguez, tamén manifesta a súa vontade de apoiar a moción.

Seguidamente, a voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, toma a palabra, para dicir que van apoiar a moción. Aclara que o único que fixeron constar na presentación desta moción, foi reflectir o interese da concelleira de educación por este asunto, en concreto do CEIP A Xunqueira, do que foi coñecedora pola prensa.

Sometido o asunto emendado a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Instar o Alcalde de Fene a que de traslado a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que lles formule as seguintes peticións:

1. **Informar sobre a situación de exclusión na que se atopa o CEIP Plurilingüe O Ramo**
2. **Dotar ao CEIP Plurilingüe O Ramo do profesorado suficiente para levar a cabo as medidas de atención á diversidade identificadas e deseñadas polo departamento de orientación do centro para o curso 2019/2020**
3. **Instar a Consellería para que cumpra a súa obriga de dotar dos medios e apoios necesarios para que estes nenos/as poidan ter un pleno desenvolvemento persoal e nunha situación de igualdade ao igual que os seu compañeiros**
4. **Instar a que as políticas de formación continuada do profesorado sexan reforzadas en toda a comunidades docente, co obxectivo de que se creen programas específicos nos que se adopten medidas axeitadas para resolver o problema da exclusión educativa , e que está sexa asumida polo conxunto da comunidade educativa**

5. Garantir o dereito a recibir unha educación inclusiva de todos e todas con necesidades especiais, establecendo para elo as medidas de actuación que sexan necesarias

6. Elaborar un procedemento para informar e acompañar as familias destes nenos e nenas nas relacións entre os profesores e o alumnado

7. Propor unha reunión de traballo ás partes interesadas: dirección, ANPAS, voceiros e concelleira de Educación.

12. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal do BNG sobre a redacción dun Plan de accesibilidade universal e demais medidas complementarias

Consta no expediente a Moción do grupo municipal do BNG, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 29.10.2019 por 6 votos a favor (3 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP, que copiada di:

“Moción sobre a redacción dun Plan de Accesibilidade Universal e demais medidas complementarias.

Dende o BNG consideramos que as administracións públicas deben velar pola igualdade de oportunidades de todas as persoas, independentemente das súas capacidades como da súa situación persoal e, especialmente, garantir a igualdade de oportunidades daquelas persoas con diversidade funcional ou en situación de vulnerabilidade, posto que son as persoas con maior risco de sufrir discriminación e situacións de exclusión.

Debemos lembrar que segundo a Organización Mundial da Saúde, a saúde é “un estado completo de benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades”. Deste xeito, debemos pór o foco en que o Concello de Fene non dispón de ningún edificio público accesible e que o entorno físico do concello tampouco é accesible na súa maioría, o que limita a participación na comunidade das persoas con diversidade funcional.

Neste sentido, actuar sobre as barreiras do entorno facilita a inclusión e proporciona saúde, benestar e calidade de vida a todas as persoas pero especialmente a aquelas con diversidade funcional. É importante resaltar que un entorno accesible non se caracteriza soamente pola eliminación das barreiras arquitectónicas, se non que implica máis accións para que calquera persoa, independentemente da súa situación, poda participar na súa comunidade. Entre estas accións, por exemplo, atópanse a correcta sinalización no pavimento para as persoas con discapacidade visual, documentos de lectura fácil, instalación de bucles magnéticos para as persoas con discapacidade auditiva e parques infantís accesibles que permitan xogar a todas as crianzas, entre outras.

E, por todo o exposto anteriormente, o BNG de Fene considera que debe ser unha prioridade do Concello o garantir a participación na nosa comunidade de todas as persoas, mellorando así a saúde, benestar e calidade de vida de toda a cidadanía mediante a modificación do entorno, agora mesmo non accesible, para promover unha comunidade inclusiva para todos os seus membros.

Así pois, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno para o seu debate e aprobación as seguintes cuestións:

1.-Realizar un Plan Integral de Accesibilidade do concello de Fene baseado nos principios do deseño universal, promovendo así a participación de todas as persoas. Dito Plan debe contar cunha valoración técnica dos/as profesionais competentes en materia de accesibilidade e deseño universal, co asesoramento de entidades expertas nestes ámbitos e, coa participación dos actores sociais implicados como as propias persoas con diversidade funcional e as súas familias, a comunidade educativa, as asociacións do concello e as propias asociacións de persoas con diversidade funcional.

2.-Garantir que todas as obras que se realicen e sexa posible, se baseen no principio de accesibilidade e deseño universal recollidos no devandito Plan Integral de Accesibilidade, e/ou cota 0.

C.I.
E.:
P-
150
360
0-G

3.-Para garantir todo o exposto anteriormente, os orzamentos anuais contarán cunha partida para a eliminación progresiva das barreiras existentes no entorno e nos edificios públicos do Concello, establecendo unha orde de prioridade comezando por aquelas barreiras que máis dificultan a participación na comunidade á cidadanía.

4.-Aproveitar o POS+ para dedicar un mínimo do 10% de cada anualidade a cumprir as medidas recollidas no Plan Integral de Accesibilidade.

5.-Mentres non se aprrobe o Plan Integral de Accesibilidade que se tomen as seguintes medidas no barrio de San Valentín por ser o seu viario totalmente municipal e contar con moita veciñanza con mobilidade reducida:

- a) Elevar todos os pasos de peóns e dotar á avenida Cooperación de 2 pasos de peóns elevados novos entre os bloques 2 e 3 cara a avenida e no bloque 4 (economato) cara a torre 1. Na Avenida do Mar crear un novo paso elevado entre os bloques 5 e 6 cara a entrada administrativa do pavillón da Xunqueira.
- b) Reordenar a carga e descarga na zona do economato xunto co reforzamento da sinalización e novo pintado das prazas de mobilidade reducida.
- c) Ampliación do largo da rúa fronte a Torre 3 permitindo o paso de dous vehículos na mesma dirección.
- d) Reubicación da illa de reciclase a un lugar accesible.
- e) Instalar elementos adaptados nos parques infantís.”

De seguido fai uso da palabra a concelleira do Bloque Nacionalista Galego, Alejandra Permuy Meizoso, que procede a dar conta da moción. Trala lectura, recorda que hai uns días tiveron unhas xornadas de mobilidade neste concello e algúns dos concelleiros foron conscientes das dificultades que se teñen no uso das cadeiras de rodas, co cal se solicita que o concello traballe para mellorar esta situación, apoiando esta moción.

Seguidamente, fai uso da palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, quen afirma que o seu grupo vai apoiar a moción, e que se encontran moi concienciados con esta problemática, buscando que o Concello de Fene sea accesible.

A voceira do Grupo Mixto Municipal, María del Carmen Martínez Rodríguez, fala que despois da xornada de concienciación que tiveron é consciente das dificultades existentes, e parécelle moi xusta a aprobación desta moción.

Prosegue a voceira do Grupo Municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, quen manifesta o apoio a moción coma xa o fixeron na comisión informativa de Dinamización Social. O único punto da moción no que solicitaron aclaración na comisión informativa, fora o marcado coma C, e en relación o punto B, dicir que xa o están levando a cabo. Aclarar que no caso das prazas de mobilidade reducida as prazas non pertencen a ninguén, e que o seu uso corresponde a calquera persoa con mobilidade reducida

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.-Realizar un Plan Integral de Accesibilidade do concello de Fene baseado nos principios do deseño universal, promovendo así a participación de todas as persoas. Dito Plan debe contar cunha valoración técnica dos/as profesionais competentes en materia de accesibilidade e deseño universal, co asesoramento de entidades expertas nestes ámbitos e, coa participación dos actores sociais implicados como as propias persoas con diversidade funcional e as súas familias, a comunidade educativa, as asociacións do concello e as propias asociacións de persoas con diversidade funcional.

2.-Garantir que todas as obras que se realicen e sexa posible, se baseen no principio de accesibilidade e deseño universal recollidos no devandito Plan Integral de Accesibilidade, e/ou cota 0.

3.-Para garantir todo o exposto anteriormente, os orzamentos anuais contarán cunha partida para a eliminación progresiva das barreiras existentes no entorno e nos edificios públicos do Concello, establecendo unha orde de prioridade comezando por aquelas barreiras que máis dificultan a participación na comunidade á cidadanía.

4.-Aproveitar o POS+ para dedicar un mínimo do 10% de cada anualidade a cumprir as medidas recollidas no Plan Integral de Accesibilidade.

5.-Mentres non se aprobe o Plan Integral de Accesibilidade que se tomen as seguintes medidas no barrio de San Valentín por ser o seu viario totalmente municipal e contar con moita veciñanza con mobilidade reducida:

a) Elevar todos os pasos de peóns e dotar á avenida Cooperación de 2 pasos de peóns elevados novos entre os bloques 2 e 3 cara a avenida e no bloque 4 (economato) cara a torre 1. Na Avenida do Mar crear un novo paso elevado entre os bloques 5 e 6 cara a entrada administrativa do pavillón da Xunqueira.

b) Reordenar a carga e descarga na zona do economato xunto co reforzamento da sinalización e novo pintado das prazas de mobilidade reducida.

c) Ampliación do largo da rúa fronte a Torre 3 permitindo o paso de dous vehículos na mesma dirección.

d) Reubicación da illa de reciclaxe a un lugar accesible.

e) Instalar elementos adaptados nos parques infantís

13. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal do BNG en relación á falta de profesorado de apoio no CEIP A Xunqueira

Consta no expediente a Moción do grupo municipal do BNG, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 29.10.2019 por 6 votos a favor (3 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP, que copiada di:

"D. Juventino J. Trigo Rey, voceiro do BNG no Concello de Fene, presenta a seguinte Moción do GM do BNG para o seu debate en Comisión e posterior traslado ao Pleno;

MOCIÓN EN RELACIÓN Á FALTA DE PROFESORADO DE APOIO NO CEIP A XUNQUEIRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2012 o goberno da Xunta de Galiza aplicou o Real Decreto-Lei 14/2012 aprobado polo goberno presidido por M. Raxoi. Real decreto amplamente criticado por toda a comunidade educativa galega polo que supuña de aplicación de recortes en todos os ámbitos educativos así como o incremento das taxas universitarias. Sete anos despois vemos as consecuencias daquel decreto, cun empeoramento xeral da calidade educativa.

Neste inicio de curso escolar vemos como hai diversos problemas nos centros educativos relativos á falta de horas de persoal de apoio especializado na parte máis vulnerable, os nenos e nenas con necesidades educativas especiais, apoios e reforzos educativos.

Reunidos coa Comunidade Educativa do CPI da Xunqueira atopámonos coa queixa dun grupo de nais polo recorte en horas do profesorado de reforzo, en concreto Pedagogía terapéutica e Audición e Linguaxe. No curso 18/19 contaban con tres persoas para PT, dúas a xornada completa e unha a media xornada. Neste curso 19/20 contan con dúas, unha a xornada completa e a segunda está con media xornada. Ademais disto existe un problema coa insuficiencia de persoal coidador e de apoio que non é dabondo para todos os nenos e nenas. Hai alumnado que so conta con este apoio 3 días dos 5 da semana.

O Concello de Fene caracterizouse por ter unha boa rede de centros de ensino públicos que garanten dende hai anos a igualdade de oportunidades das nenas e nenos, non podemos permanecer impasibles ante esta situación polo que solicitamos do Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1-O pleno da corporación insta á Consellería de Educación a atender con urxencia as necesidades de profesorado de PT e AL nos centros de ensino de Fene en concreto no CEIP da Xunqueira.

2-Que a Alcaldía convoque con carácter urxente ás ANPA e ás direccións dos centros públicos, así como aos sindicatos de profesorado do ensino para facer unha fronte común ante as necesidades educativas no Concello de Fene, dando conta ao Consello escolar municipal unha vez constituído."

Toma a palabra a concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, María de los Ángeles Coira López, que trala lectura da moción, afirma que tras reunirse co centro e as nais/pais non queda dúbida que a nivel efectivo o servizo non se está cumprindo.

C.I.F.: P-1503600-G

De seguido, fai uso da palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, quen recorda que o seu grupo xa apoiou a moción proposta na comisión, co cal están a favor da mesma.

Prosegue a concelleira do Grupo Mixto Municipal, María del Carmen Rodríguez Martínez, quen mostra o seu apoio a moción.

No mesmo sentido se manifesta a voceira do Grupo Municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1-O pleno da corporación insta á Consellería de Educación a atender con urxencia as necesidades de profesorado de PT e AL nos centros de ensino de Fene en concreto no CEIP da Xunqueira.

2-Que a Alcaldía convoque con carácter urxente ás ANPA e ás direccións dos centros públicos, así como aos sindicatos de profesorado do ensino para facer unha fronte común ante as necesidades educativas no Concello de Fene, dando conta ao Consello escolar municipal unha vez constituído.

14. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista sobre as deficiencias da piscina municipal

Consta no expediente a seguinte moción que quedou introducida na orde do día logo de ser ratificada a súa inclusión por unanimidade.

"MOCIÓN URXENTE QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE FENE SOBRE AS DEFICIENCIAS DA PISCINA MUNICIPAL

De acordo co previsto no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e no

Regulamento Orgánico do Concello de Fene, aprobado o 6 de marzo de 2008, o Grupo Municipal Socialista do Concello de FENE, composto pola voceira, Mar Piñeiro Otero (32.657.772 A), Marta Pereiro Calvo (32.717.286 V), Ana Basoa Riobo (32.653.542 M) e Antón Lois Noceda Carballo (32.649.345 V), desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción urxente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Fundamentos xurídicos

Logo de ver a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. En especial o artigo 25 apartado 2 l.

Logo de ver a Lei 5/1997 de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia. En especial o artigo 80 apartado 2 n.

Logo de ver a Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Logo de ver o Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei e o código de accesibilidade.

Logo de ver a Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade. En especial o seu artigo 20.

Logo de ver o Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF). En especial o artigo 50 apartado 2.

Logo de ver o Regulamento Orgánico do Concello de Fene, aprobado o 6 de marzo de 2008 e publicado no BOP do 8 de xullo de 2008 coa modificación publicada no BOP do 3 de agosto de 2018. En especial o seu artigo 40.

Antecedentes

O ascensor da Piscina Municipal leva sen funcionar dende o 7 de maio de 2019, incumprindo a normativa de accesibilidade dos edificios públicos. Este feito a parte de irregular, limita diariamente o uso da instalación por parte das/os usuarias/os: nais e pais que levan crianzas en carriños e non poden subir ao 1º andar a ver aos seus fillos participar nas actividades, e incluso usuarios que usan cadeiras de rodas e levan aos seus fillos á piscina pero que tampouco poden subir ao 1º andar.

Os condensadores, instalados para reducir o consumo enerxético, deixaron de funcionar hai 3 anos (ano 2016) por falla de mantemento.

Os paneis solares, que no seu día, instaláronse a custe cero, e que incluían o mantemento durante 5 anos, levan, cando menos, dende o ano 2014, sen funcionar e sen que se teña realizado ningún tipo de mantemento.

Entendendo que é imprescindible e urxente garantir a mobilidade e accesibilidade do conxunto da cidadanía ás instalacións públicas e que a mellora da eficiencia enerxética das instalacións públicas é un obxectivo compartido, no cal non podemos permitirnos ningún retroceso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de FENE somete a votación esta MOCIÓN para aprobar as seguintes propostas :

1.- Instar ao Alcalde do Concello de Fene para que á maior brevidade se proceda ao arranxo do ascensor da Piscina Municipal e se cumpra co establecido na normativa de accesibilidade, no prazo máximo de 7 días.

C.I.
E.:
P-
150
360
0-G

2.- Instar ao Alcalde do Concello de Fene para que, a maior brevidade e con prazo máximo de 1 mes se estudie e orzamente o arranxo dos condensadores, e se execute a máis tardar a 30 de xaneiro de 2020.

3.- Instar ao Alcalde do Concello de Fene para que, a maior brevidade e con prazo máximo de 1 mes se estudie e orzamente o arranxo dos paneis solares da piscina municipal, e se execute a máis tardar a 30 de xaneiro de 2020."

A voceira do Grupo Municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, toma a palabra para explicar que traen novamente esta proposta, xa que hai 4 meses que piden en cada pleno municipal o mesmo, despois de escoitar as queixas dos usuarios da piscina.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Juventino José Trigo Rey, para dicir que en relación a esta moción todo o mundo ten que estar de acordo na necesidade de arranxar e mellorar o anteriormente exposto. Expresan a súa intención de apoiar a moción presentada.

Prosegue a voceira do Grupo Municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Ponte, dicindo que todos estamos de acordo en que a piscina ten que estar ben; no tema do ascensor dicir que está estragado debido a unha subida de tensión, e o que se está a facer e falar coa empresa aseguradora para reclamar o arranxo. Hai que dicir que o non poder usar a piscina, non impide a accesibilidade a ninguén; dicir que o acceso a planta superior para que se poida observa a piscina é unha deferencia deste concello que non é habitual noutras instalacións. En relación aos condensadores, estamos de acordo na necesidade do seu arranxo, e estamos mirando os partes de mantemento dos anos anteriores para ver a causa das múltiples reposicións que se fixeron no ano 2015 e o motivo de que non se reclamara a empresa. O último parte é do 28 de marzo de 2018, no que se da conta da explosión dun dos condensadores do pavillón da Xunqueira. No caso dos paneis solares, instaláronse no ano 2005 e nunca se contratou unha empresa de mantemento. No ano 2018 solicitouse un orzamento para arranxar e poñer en funcionamento novamente, que ascendía a uns 20.000 euros. Manifesta estar de acordo en tódolos puntos, pero solicítalle ao partido socialista algo de flexibilidade nos tempos solicitados para o arranxo de todo o citado, e en particular do ascensor da piscina municipal que ten un presuposto de amaño de 14.600 euros e están pendentes do seguro.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, explica que lle parece moi feo que un pai non poida ver ao seu fillo, dentro dun edificio municipal que debe de ser accesible para todo o mundo. Solicita aclaración sobre o problema que ten o seguro para acometer o arranxo ou os pasos que se deron para solucionalo.

A voceira do Grupo Municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Ponte, comenta sobre o ascensor que a avaría foi no mes de maio do 2019. Fixose unha revisión por parte da adxudicataria do mantemento das instalacións municipais, que da parte para que a empresa encargada do mantemento dos ascensores o revise. A empresa de mantemento de ascensores, confirma que a avaría supera a cantidade establecida no contrato, co que para reparalo tería que aboar o propietario a parte correspondente. A avaría está causada por unha subida de tensión eléctrica, que causou máis danos. Tras isto o que se fixo foi dar parte a empresas de seguros, o cal se remitiu informe da empresa de ascensores co orzamento de reparación. Estase a espera da resposta do seguro, para intentar non pagar con cartos do concello a reparación que está motivada por unha das causas incluídas na cobertura do seguro contratado. Afirma tamén que antes o concello sempre pagaba, e non se daba conta ao seguro dos danos.

O voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Juventino José Trigo Rey, toma a palabra para dicir que lle parece penosa a intervención da voceira do Partido Popular, xa que da a entender que menos mal que está ela no concello, xa que da a impresión que antes todo o mundo era parvo e ninguén sabía reclamar ao seguro. Dirixese a voceira popular dicindo que algo similar pasou hai pouco na casa da cultura, facendo o informe correspondente e pasándose ao seguro.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (6 do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 6 abstencións do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Instar ao Alcalde do Concello de Fene para que á maior brevidade se proceda ao arranxo do ascensor da Piscina Municipal e se cumpra co establecido na normativa de accesibilidade, no prazo máximo de 7 días.

2.- Instar ao Alcalde do Concello de Fene para que, a maior brevidade e con prazo máximo de 1 mes se estudie e orzamente o arranxo dos condensadores, e se execute a máis tardar a 30 de xaneiro de 2020.

3.- Instar ao Alcalde do Concello de Fene para que, a maior brevidade e con prazo máximo de 1 mes se estudie e orzamente o arranxo dos paneis solares da piscina municipal, e se execute a máis tardar a 30 de xaneiro de 2020.

15. Mocións urxentes

15.1 Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal do BNG de apoio ao sindicalista Xesús Anxo López Pintos

O concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Manuel Polo Gundín, toma a palabra para xustificara urxencia da moción, explicando que na próxima semana na Audiencia Provincial de A Coruña vai ser xulgado o sindicalista Xesús Anxo López Pintos, e de aí a súa urxencia.

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción urxente, que é incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a súa urxencia por unanimidade:

“Manuel Polo Gundín, concelleiro do BNG no Concello de Fene, presenta a seguinte

Moción urxente do GM do BNG ao Pleno;

Moción de apoio ao sindicalista Xesús Anxo López Pintos e demandado a súa absolución.

Exposición de motivos

Na tarde do día 4 de outubro de 2012, tivo lugar unha protesta diante do hotel Almirante en Ferrol. A protesta convocada polos sindicatos maioritarios defendía o emprego e a industria na nosa comarca fronte a un acto electoral do Partido Popular no contexto das eleccións ao Parlamento galego.

O baleiro de gradas en Navantia e a ameaza de peche de Poligal levaron aos seus Comités de empresa a participar activamente na mobilización.

Ao final do acto de protesta producíronse varias cargas policiais no medio das que se produciu a detención do por aquel entón cosecretario Comarcal da CIG, Xesús Anxo López Pintos. Desde a súa detención até o seu traslado á comisaría foi obxecto de agresións físicas e verbais, insultado pola súa condición de sindicalista, no seu pensamento político nacionalista e de clase.

Os vindeiros 12,13 e 14 de novembro Pintos vai ser xulgado na Audiencia provincial. A fiscalía solicita dous anos de prisión e a acusación particular dun policía, tres anos. A fiscalía obvia a tortura sufrida, por ser a palabra do detido e non existiren denuncias de ningún dos axentes presentes sobre este asunto.

A día de hoxe Pintos, que está xubilado, pode entrar en prisión xa que conta cunha condena anterior de 9 meses por ter defendido a un grupo de mariscadoras en Mugardos no ano 2002.

Así pois, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.-O Concello de Fene amosa a súa solidariedade con Xesús Anxo López Pintos pola situación na que se atopa por ter defendido o emprego nesta comarca.

2.-O Pleno do Concello de Fene demanda a absolución de Xesús Anxo López Pintos.

3.-O Concello de Fene apoia os actos convocados cos obxectivos anteriores dirixíndose aos organismos que fose preciso.

Fene, 6 de novembro de 2019

Firmado por POLO GUNDIN, MANUEL el día 06/11/2019

Asinado

ALCALDE DO CONCELLO DE FENE"

O concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Manuel Polo Gundín, explica ao resto de concelleiros, que o sucedido non foi algo aleatorio, xa que se pretendía criminalizar a protesta incidindo nun dos líderes sindicais da comarca. A extensa maioría do Partido Popular na ámbito autonómico e estatal e a aprobación da lei mordaza foron ferramentas para atacar o sindicalismo e a lexítima defensa dos postos de traballo na comarca. A loita obreira tan latente na comarca, por manter os postos de traballo na comarca, é lexítimo pese a quen lle pese.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, e a voceira do Grupo Mixto Municipal, María del Carmen Martínez Rodríguez manifestan a súa vontade de apoiar a moción.

Seguidamente, a voceira do Grupo Municipal Popular, di que non van apoiar a moción, con independencia da argumentación que acaba de facer o concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego. Comenta que hai que deixar actuar á xustiza, respectando a independencia xudicial que existe nesta país. Por responsabilidade política non se pode pedir a absolución dunha persoa que está sendo xulgada con todas as garantías establecidas na lei. Non se pide nin a condena nin a absolución, solo se reitera que non corresponde ao pleno da corporación decidir si unha persoa xulgada é ou non responsable.

O concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Manuel Polo Gundín, explica que se trata dunha moción de carácter político, e que exercendo a liberdade de expresión e a liberdade de opinión, solicítase a absolución dunha persoa que defende os dereitos dos traballadores e ao que se ataca persoalmente por ser sindicalista da CIG, como sindicato con alta representación, coa intencionalidade de meterlle medo a xente, para que non reclamen os seus dereitos.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (6 do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.-O Concello de Fene amosa a súa solidariedade con Xesús Anxo López Pintos pola situación na que se atopa por ter defendido o emprego nesta comarca."

2.-O Pleno do Concello de Fene demanda a absolución de Xesús Anxo López Pintos.

3.-O Concello de Fene apoia os actos convocados cos obxectivos anteriores dirixíndose aos organismos que fose preciso.

15.2 Aprobación, se procede, da Declaración institucional do Concello de Fene en relación coa carga de traballo para Navantia

O alcalde presenta a seguinte Declaración institucional conxunta do Concello de Fene, que é incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a súa urxencia por unanimidade:

“Os estaleiros da Ría de Ferrol (Fene e Ferrol) dedicados á construción naval militar e civil, eólica mariña, reparacións e turbinas, xeran ao redor de 2.000 empregos directos e 10.500 de carácter indirecto, o que en si mesmo supón o 22% da contribución do emprego industrial da provincia, achegando o 24% do PIB da provincia de A Coruña.

Ademais é polo de atracción de numerosas empresas auxiliares que desenvolven a súa actividade industrial, complementando os labores principais do estaleiro, colaborando a alcanzar os seus obxectivos de futuro e ofrecendo emprego a gran cantidade de traballadores e traballadoras.

Por outra banda, debido á escasa diversificación da Comarca de Ferrol, Navantia segue xogando un papel primordial á hora de xerar riqueza, emprego e benestar social, do que se benefician tódolos sectores: comercial, industrial, servizos, e, en definitiva, toda a economía da zona.

O contrato das F-110 dotará de carga de traballo aos nosos estaleiros a medio prazo, pero aínda non permite solucionar o baleiro da carga de traballo que imos sufrir en Navantia e na Comarca de Ferrol a curto prazo (anos 2020/2021) como consecuencia do seu retraso.

Á vista do descenso da ocupación que se ven producindo pola próxima entrega dos proxectos en curso, tanto militar como eólica,

SOLICITAMOS

Ó Alcalde e Corporación Municipal deste Concello a implicación nas nosas peticións de carga de traballo para a Ría de Ferrol.

E ademais dos proxectos de Eólica Mariña en marcha, ocupación das gradas do Estaleiro de Fene cunha nova construción naval

A construción dun novo AAOR para a Armada Española.

Fene, 7 de novembro de 2019”

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego , Juventino José Trigo Rey, que manifesta a súa alegría pola declaración institucional que concrete a solicitude da construción naval civil do Estaleiro de Fene.

Seguidamente a voceira do Grupo Municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, fala de que xa manifestaron pola mañá cando se reuniron coa presidenta do comité que apoiabamos as súas reivindicacións.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Ó Alcalde e Corporación Municipal deste Concello a implicación nas nosas peticións de carga de traballo para a Ría de Ferrol.

E ademais dos proxectos de Eólica Mariña en marcha, ocupación das gradas do Estaleiro de Fene cunha nova construción naval

A construción dun novo AAOR para a Armada Española.

15.3 Aprobación, se procede, da Moción conxunta en relación co 25 de novembro, Día Internancional contra a violencia de Género

O presidente do Pleno, Gumersindo Pedro Galego Feal, motiva a urxencia deste punto, dicindo que é o último pleno antes da data de celebración do Día Internacional contra a violencia de Xénero.

A seguinte moción é incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a súa urxencia por unanimidade:

“MOCIÓN CONXUNTA 25 NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO

De acordo co previsto no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e no Regulamento Orgánico do Concello de Fene, aprobado o 6 de marzo de 2008, o **Grupo municipal do Partido Popular** o **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**, o **Grupo municipal Socialista** e o **Grupo municipal de Esquerda Unida** todos eles do CONCELLO DE FENE, desexan someter de **FORMA CONXUNTA** a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**, os efectos do seu debate e votación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No que levamos de 2019, foron asasinadas 66 mulleres e 3 menores, e aínda hai máis asasinatos de mulleres en investigación. Os asasinatos conforman a máxima representación das formas de terrorismo machista que continúan sometendo ás mulleres en todos os ámbitos da súa vida, e que representan unha grave e sistemática vulneración dos dereitos humanos de máis da metade da poboación á nosa sociedade. Estas violencias teñen a súa orixe e núcleo na pervivencia dun sistema heteropatriarcal, presente en todas as estruturas da sociedade, que tolera a desigualdade e resto credibilidade e autoridade ás mulleres, mentres cosifica o seu corpo e consolida pautas culturais que transmiten e reproducen comportamentos discriminatorios e sexistas.

O 17 de decembro de 1999, a través da resolución 54/134, A Asemblea Xeral da ONU declarou o 25 de novembro como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Unha data que debe servir, non só para a reflexión por parte de toda a sociedade, senón tamén para a renovación dos esforzos por parte de todas as institucións políticas e sociais, por loitar contra esta secuela.

Ano tras ano vimos denunciando as dramáticas consecuencias da violencia de xénero, froito das desigualdades sociais que sitúan as mulleres nunha situación de vulnerabilidade por sufrir múltiples agresións, e que, a pesar destas reiteradas declaracións, lonxe de minguar, vai aumentando con cifras a que necesitan moito máis que unha reflexión puntual e unha adhesión nominal cando se achega esta data.

É preciso recoñecer a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade e a insuficiencia nos recursos de intervención e atención. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delitivos que non se denuncian. Malia isto, as denuncias teñen experimentado un incremento das agresións e as persoas expertas da cadea xudicial e de atención alertan ademais dun incremento na súa brutalidade.

Así mesmo, a Fiscalía Xeral do Estado ten alertado nas súas recentes edicións da Memoria Anual sobre o aumento da violencia e os delitos de natureza sexual entre as persoas máis novas e relaciónao directamente coa preeminencia da pornografía nas redes sociais e como forma de educación e socialización sexual.

Debemos aproveitar unha vez mais, para incidir na responsabilidade de todos e todas, pero sobre todo das Administracións Públicas, na urxencia de utilizar todos os recursos para erradicar esta agresión cara os dereitos fundamentais das mulleres

Debemos destacar que son as Administracións Locais, as que teñen a importante labor, dada a súa proximidade ao cidadán, de detectar posibles casos de violencia, así como de aplicar en todas as súas actuacións cotiás medidas que impliquen prevención e sensibilización en todos os seus cidadáns, creando unha conciencia a toda a cidadanía de tolerancia cero cara a violencia machista, tentado que esta violencia aflore da contorna íntima e familiar, a luz pública para a súa visualización. Para esta labor as Corporacións Locais deben contar cunhas competencias definidas.

O Concello de Fene declara a súa firme vontade de seguir avanzando na erradicación da trata de seres humanos, un delito que produce devastadoras consecuencias nas persoas que son captadas e utilizadas como simple mercadoría.

A sociedade no seu conxunto xa que, nesta materia, só se conseguen avances se hai un compromiso de todos os sectores políticos e sociais para poñer na axenda, como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara as mulleres, conscientes de que se trata dunha cuestión que nos afecta como sociedade e como país e da que depende o futuro da nosa convivencia.

É unha tarefa que require unha actuación unitaria de todas as forzas políticas e da cidadanía, polo que é necesario seguir traballando na senda da máxima coordinación, colaboración e cooperación entre todos e todas e seguir concienciando á sociedade da necesidade de rematar con esta lacra para entre todos erradicar completamente a violencia de xénero.

Por todo o anterior **os catro grupos municipais de Concello de Fene** procedemos a

Instar o **GOBERNO DO ESTADO** a:

PRIMEIRO.- A dotar suficientemente as partidas orzamentarias, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero dependentes tanto das comunidades autónomas como dos concellos. Ademais, pídeselle crear un fondo de apoio aos concellos para impulsar o papel que deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e os centros da muller no desenvolvemento e o cumprimento da Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

SEGUNDO.- A poñer en marcha:

- A acompañamento xudicial personalizado para facer accesible ás mulleres vítimas de violencia de xénero a información sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido nos tribunais;
- A establecer protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero; a activar de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero;
- A incorporar ao currículo a formación específica en igualdade, educación afectivo-sexual e prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas;
- A poñer en marcha un plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero;
- A estipular a obrigatoriedade de que tanto os xuíces como os avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan formación específica na materia impartida por unha institución acreditada;
- A ampliar as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller.

TERCEIRO.- Modificar a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia, para incluír que son tamén formas de violencia contras as mulleres, conforme ao Convenio de Istambul, a violencia física, psicolóxica e sexual, incluída a violación; dando así cumprimento á medida 104 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

CUARTO.- Impulsar a aprobación dunha Lei orgánica de loita integral e multidisciplinar contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que estableza mecanismos adecuados para a prevención, reforce a persecución de oficio do delito, promova a eliminación de publicidade de

contido sexual e poña en marcha servizos e programas de protección social e recuperación integral das vítimas, dando así cumprimento á medida 257 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero

QUINTO.- Modificar a definición estatal de violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul de forma que a violencia sexual sexa recoñecida como tal, como xa fixo a lei galega no ano 2007.

C.I.F. **SEXTO.-** Derrogación da LOMCE por patriarcal e regresiva e implantación de contidos de educación afectiva-sexual en todas as etapas do currículo educativo como paso fundamental para superar o papel da pornografía como fonte de información para a mocidade. Asimesmo estudar a influencia do acceso ao porno entre as xeracións mais novas sobre todo no referido a tipoloxía de agresións e fomentar campañas de sensibilización sobre todas as formas de acoso a través das redes sociais e tecnoloxías.

Instar á **XUNTA DE GALICIA:**

PRIMEIRO.- A mellora da atención e prevención da violencia machista e, particularmente, da violencia sexual, adoptando as seguintes medidas:

- a) Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por ser vítimas de violencia machista e impulsar unha campaña específica para informar da existencia deste recurso.
- b) Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).
- c) Constituír unha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galicia por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atendimento e intervir no seu baixo número.
- d) Desenvolver un protocolo específico de atención á violencia sexual, con especial atención ao ámbito xudicial.
- e) Impulsar iniciativas no campo da prevención e sensibilización da mocidade, a comezar pola extensión, antes do remate de 2020, a todos os centros de educación secundaria do país de obradoiros específicos sobre o consentimento co obxectivo de contribuír a superar a a preeminencia da pornografía como referente formativo na mocidade galega; así como desenvolver as actuacións necesarias para incorporar contidos coeducativos transversais de superación da dominación sexual en todas as fases educativas.

SEGUNDO.-Elaborar o primeiro Plan Estratéxico de Galicia contra a trata con fins de explotación sexual.

Instar ao **CONCELLO DE FENE** a que adopte os seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO.- Manifestar co motivo do próximo 25 de novembro, Día Internacional para á Eliminación da Violencia contra á Muller, a nosa máis enerxéticas repulsa ante as situacións de malos tratos e violencia machista que veñen padecendo as mulleres, ademais de expresar a nosa solidariedade cas vítimas e as súas familias. Debéndose dotar dos recursos orzamentarios necesarios para resolver este grave e urxente problema.

SEGUNDO.- Exixir do resto de administracións unha implicación coordinada, aportando os medios necesarios, dotando economicamente o orzamento da Lei Integral contra a Violencia de Xénero, para garantir a atención xurídica, psicoloxía e social, en definitiva a protección efectiva das mulleres, tal e como se recolle na Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

TERCEIRO.- Apoio incondicional á comunidade educativa, para que se estableza os mecanismos tanto para a detención precoz como para ensinar dende a escola a construír unha igualdade mediante o respecto mutuo e a non violencia

CUARTO.- Deseño dun plan de accións específicos para a prevención e a erradicación da violencia de xénero na adolescencia con valores de coeducación, cooperación e respecto.

QUINTO.- Constituír unha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galicia por agresión sexual, de cara a analizar posibles fallos na cadea de atendimento e intervir no seu baixo número.

SEXTO.- Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).

SEPTIMO.- Reclamar que os Concello manteñan as súas competencias na loita contra a violencia de xénero, dotándoos de recursos económicos mediante unha financiación local suficiente e xusta.

OCTAVO.- Elaborar ordenanzas municipais para acabar coa tolerancia e permisividade cara á publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións delituosas, dando así cumprimento á medida 77 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero

NOVENO.- Realizar unha campaña de sensibilización social contra a trata con fins de explotación sexual e de fomentar na sociedade o coñecemento das ferramentas contra a violencia machista (CIM, 016,...) coa finalidade de seguir concienciando á sociedade na loita contra esta lacra e así tamén asesorar diante de agresións sexuais a vítimas e terceir@s.

DÉCIMO.- Asumir o compromiso persoal e como concello de TOLERANCIA CERO con calquera actitude tendente a frivolar ou minimizar a violencia de xénero e as súas consecuencias utilizando para elo os instrumentos que esta Corporación Local e cada un de nos ten o seu alcance, para erradicar na súa totalidade a violencia dirixida cara as mulleres.

Fene a 07 de novembro de 2019.

PORTAVOZ GM PP PORTAVOZ GM BNG PORTAVOZ GM PSOE PORTAVOZ GM EU"

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º.- Instar o GOBERNO DO ESTADO a:

PRIMEIRO.- A dotar suficientemente as partidas orzamentarias, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero dependentes tanto das comunidades autónomas como dos concellos. Ademais, pídeselle crear un fondo de apoio aos concellos para impulsar o papel que deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e os centros da muller no desenvolvemento e o cumprimento da Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

SEGUNDO.- A poñer en marcha:

- **A acompañamento xudicial personalizado para facer accesible ás mulleres vítimas de violencia de xénero a información sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido nos tribunais;**
- **A establecer protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero; a activar de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero;**

C.I.F. P-15360066 **A incorporar ao currículo a formación específica en igualdade, educación afectivo-sexual e prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas;**

- **A poñer en marcha un plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero;**
- **A estipular a obrigatoriedade de que tanto os xuíces como os avogados, forenses e equipos psicossociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan formación específica na materia impartida por unha institución acreditada;**
- **A ampliar as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller.**

TERCEIRO.- Modificar a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia, para incluír que son tamén formas de violencia contras as mulleres, conforme ao Convenio de Istambul, a violencia física, psicolóxica e sexual, incluída a violación; dando así cumprimento á medida 104 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

CUARTO.- Impulsar a aprobación dunha Lei orgánica de loita integral e multidisciplinar contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que estableza mecanismos adecuados para a prevención, reforce a persecución de oficio do delito, promova a eliminación de publicidade de contido sexual e poña en marcha servizos e programas de protección social e recuperación integral das vítimas, dando así cumprimento á medida 257 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero

QUINTO.- Modificar a definición estatal de violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul de forma que a violencia sexual sexa recoñecida como tal, como xa fixo a lei galega no ano 2007.

SEXTO.- Derrogación da LOMCE por patriarcal e regresiva e implantación de contidos de educación afectiva-sexual en todas as etapas do currículo educativo como paso fundamental para superar o papel da pornografía como fonte de información para a mocidade. Asimesmo estudar a influencia do acceso ao porno entre as xeracións mais novas sobre todo no referido a tipoloxía de agresións e fomentar campañas de sensibilización sobre todas as formas de acoso a través das redes sociais e tecnoloxías.

2º.-Instar á XUNTA DE GALICIA:

PRIMEIRO.- A mellora da atención e prevención da violencia machista e, particularmente, da violencia sexual, adoptando as seguintes medidas:

- a) **Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por ser vítimas de violencia machista e impulsar unha campaña específica para informar da existencia deste recurso.**

b) Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).

c) Constituír unha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galicia por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atendimento e intervir no seu baixo número.

d) Desenvolver un protocolo específico de atención á violencia sexual, con especial atención ao ámbito xudicial.

C.I.F.: P-15036005 **e) Impulsar iniciativas no campo da prevención e sensibilización da mocidade, a comezar pola extensión, antes do remate de 2020, a todos os centros de educación secundaria do país de obradoiros específicos sobre o consentimento co obxectivo de contribuír a superar a a preeminencia da pornografía como referente formativo na mocidade galega; así como desenvolver as actuacións necesarias para incorporar contidos coeducativos transversais de superación da dominación sexual en todas as fases educativas.**

SEGUNDO.-Elaborar o primeiro Plan Estratéxico de Galicia contra a trata con fins de explotación sexual.

3º.-Adopción dos seguintes acordos polo Concello de Fene:

PRIMEIRO.- Manifestar co motivo do próximo 25 de novembro, Día Internacional para á Eliminación da Violencia contra á Muller, a nosa máis enerxéticas repulsa ante as situacións de malos tratos e violencia machista que veñen padecendo as mulleres, ademais de expresar a nosa solidariedade cas vítimas e as súas familias. Debéndose dotar dos recursos orzamentarios necesarios para resolver este grave e urxente problema.

SEGUNDO.- Exixir do resto de administracións unha implicación coordinada, aportando os medios necesarios, dotando economicamente o orzamento da Lei Integral contra a Violencia de Xénero, para garantir a atención xurídica , psicoloxía e social, en definitiva a protección efectiva das mulleres, tal e como se recolle na Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

TERCEIRO.- Apoio incondicional á comunidade educativa, para que se estableza os mecanismos tanto para a detención precoz como para ensinar dende a escola a construír unha igualdade mediante o respecto mutuo e a non violencia

CUARTO.- Deseño dun plan de accións específicos para a prevención e a erradicación da violencia de xénero na adolescencia con valores de coeducación, cooperación e respecto.

QUINTO.- Constituír unha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galicia por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atendimento e intervir no seu baixo número.

SEXTO.- Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).

SEPTIMO.- Reclamar que os Concello manteñan as súas competencias na loita contra a violencia de xénero, dotándoos de recursos económicos mediante unha financiación local suficiente e xusta.

OCTAVO.- Elaborar ordenanzas municipais para acabar coa tolerancia e permisividade cara á publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións delituosas, dando así cumprimento á medida 77 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero

NOVENO.- Realizar unha campaña de sensibilización social contra a trata con fins de explotación sexual e de fomentar na sociedade o coñecemento das ferramentas contra a violencia machista(CIM,016,...)coa finalidade de seguir concienciando á sociedade na loita contra esta lacra e así tamén asesorar diante de agresións sexuais a vítimas e terceir@s.

DÉCIMO.- Asumir o compromiso persoal e como concello de TOLERANCIA CERO con calquera actitude tendente a frivolar ou minimizar a violencia de xénero e as súas consecuencias utilizando para elo os instrumentos que esta Corporación Local e cada un de nos ten o seu alcance, para erradicar na súa totalidade a violencia dirixida cara as mulleres.

16. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Pregúntase polas queixas recibidas por goteiras no pavillón de San Valentín, sabendo que se fixo unha reparación polo concello fai pouco tempo, por unha cantidade importante, e gustaríanos saber como se vai proceder con estas reparacións.
- Pregúntase tamén pola información aparecida na prensa sobre o xuíz de paz, do que non se informou en Xunta de Portavoces. Rogase ao alcalde, que se informe destes temas como sempre se fixo.
- Rogase a solución da canastra da pista de Fene, que xa é un tema recorrente, e o que non se lle da solución e parece que nos están tomando o pelo xa que levamos meses e nunca se fai. A canastra leva meses tirada e non se soluciona.
- Con respecto á Fonte do Campo, sigue con un valo e sen arranxar, tamén desde fai moito tempo. Non é de auga potable e a rotulación que presenta pon auga potable. Rógase o arranxo
- Riego do campo de fútbol de Maniños, segue sen funcionar e nos toman de coña, preguntado o motivo polo cal non funciona. Nos existe o informe do motivo.
- Pregúntase pola nova intoxicación na Galescola, se existe información neste senso, e o motivo da reiteración.
- Sobre a marquesiña de Perlío, pediuse antes do verán e seguen sen ela para cando chegara o inverno.
- Rogase ao concelleiro responsable se hai forma de buscar un lugar alternativo para a actividade de "licenza para rir", existindo problemas no lugar onde se desenvolve.
- No pleno do mes anterior, falouse do Parque da Hortiña, e que nos darían información por escrito sobre o estado.
- Solicitouse sobre as obras feitas nos colexios, e que se nos daría por escrito, o cal aínda non temos.
- Rogaríamos saber se existe algún tipo de información sobre a solicitude de pediatras para o centro de saúde.
- Pregúntase sobre as obras da rotonda de Santa Ana, se existe algunha novidade
- Pregúntase tamén sobre o derribo da Nave de Fondomar, se se sabe algo máis.
- Solicita saber algo máis sobre o vertedoiro de rodas na nave de San Marcos, segundo publicación vista na prensa. Gustaríalles saber cando se van a retirar eses pneumáticos e se non existen 1.000 euros para poder facelo.
- Repetindo a pregunta de fai un par de meses, rogaríamos saber si hai novidade co edificio de Cámara Agraria.

- Solicitamos ao alcalde, que de forma urxente, faga o necesario para a posta en marcha do punto limpo. Gustaríanos saber se houbo reunións para avanzar neste senso, e sobre todo co Concello de Cabanas.

- En relación a subvencións que non se solicitaron, dixeron que nos ían contestar por escrito e non recibimos nada.

O presidente do pleno, Gumersindo Pedro Galego Feal, toma a palabra para responder ao concelleiro do BNG de que toman nota dos rogos e con respecto as goteiras en San Valentín se informará por servizos. Na convocatoria do Xuíz de Paz pedir desculpas por non informar, estando o expediente en secretaria para consultar. En relación a Fonte do Campo, está a disposición a última analítica con resultado de mal estado. Con respecto a intoxicación da Galescola, recibíuse unha chamada do xerente do consorcio, que transmitiu de primeira man o dito aos pais. Dicer que non se recibiu información sobre a solicitude de pediatras para o centro de saúde. En relación a rotonda de Santa Ana, contactouse coa demarcación de estradas, e estiveron técnicos facendo o reformulo. No tema do derrubo da nave de Fondomar, reunímonos coa Presidenta de Portos e xa se estaba licitando o derrubo. En canto a Cámara Agraria non hai novidades, xa que non se fixo ningunha xestión. No tocante ao punto limpo, remitiuse ao Concello de Neda, novamente o estudio, realizouse fai un mes unha reunión no Concello de Ares, e a próxima semana realizarase outra con este tema e o EDAR. En canto ás subvención contestáronse por escrito.

Toma a palabra o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Jose Andrés Serantes Panceiras, dicindo que con respecto as goteiras do pavillón de San Valentín, xa se deu traslado a empresa e xa pasou a visualizar o problema para reparar. Con respecto ao campo de fútbol de Maniños, procedeuse a reparación da tubaxe que estaba rota, e o próximo martes revisarase a bomba. No tema da marquesiña de Perlío, mentres non se poñan as novas marquesiñas non se vai instalar esta sola.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Juana Barro Couto, que en relación as Galescolas, non está detectado o problema na cadea de subministro de comida.

A voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Solicita novamente información sobre unha obra de Rico Cabanas, de reparación de fochancas no Concello de Fene. O informe que se nos entrega hoxe fala de conservación e arranxos, non facendo referencia a cales son os camiños reparados, falando en termos xenéricos. O informe non aclara se o feito se corresponde co proxectado e con orzamento previsto. Rógase contestación de sobre se os traballadores fixéronse conforme ao descrito na factura, quen confirmou a factura e se existe informe de calidade. Faise lectura do informe onde se aclara que no existe avaliación inicial do estado, e solicítase que se aclare que eses traballos se fixeron con garantía.

- Solicita información do arranxo do Camiño da Laranxeira.

- Solicítase o arranxo das arquetas da beirarrúa do Pavillón de San Valentín, que están rotas.

- Rógase que se recoloque o farol da rúa Tellerías que está tirada desde fai un mes.

- Rógase se investigue quen está tirando os cascallos no entorno do centro de saúde, nunha finca privada.

- Rógase que se faga o control de calidade das obras relacionadas anteriormente. Que se reparen as obras feitas na Hortiña e que están mal.

- Rógase información sobre o tratamento das axudas sociais para poder tratalo na comisión.

- Aclara tamén que non lle queda claro se a obra do campo de fútbol de Maniños está en garantía ou non.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 21.54 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, o 6 de febreiro de 2020, foi aprobado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.